

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2021-22

**DEPARTAMENTO DE ARTES PLÁSTICAS**

**02AP**

IES ARCEBISPO XELMIREZ II

SANTIAGO DE COMPOSTELA

<b>INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....</b>	<b>4</b>
CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO ALUMNADO.....	7
PROFESORADO DO DPTO. E DOCENCIA ASIGNADA AO MESMO .....	8
PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN .....	9
<b>CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE .....</b>	<b>11</b>
<b>OBXECTIVOS XERAIS .....</b>	<b>13</b>
ESO .....	13
BACHARELATO.....	14
<b>EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL 1º ESO.....</b>	<b>14</b>
RELACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E TEMPORIZACIÓN PARA CADA UD. ....	14
PERFIL COMPETENCIAL E TEMPORIZACIÓN .....	20
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA. ....	22
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS .....	31
<b>EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDIOVISUAL SECCIÓN BILINGÜE .....</b>	<b>32</b>
XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO .....	32
PROFESORADO E ALUMNADO PARTICIPANTE .....	33
OBXECTIVOS .....	33
METODOLOXÍA.....	35
AVALIACIÓN .....	36
<b>EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL 3º ESO.....</b>	<b>43</b>
RELACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E TEMPORIZACIÓN PARA CADA UD. ....	43
PERFIL COMPETENCIAL E TEMPORIZACIÓN .....	48
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA .....	50
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS .....	56
<b>EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL 4º ESO .....</b>	<b>57</b>
RELACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E TEMPORIZACIÓN PARA CADA UD. ....	57
PERFIL COMPETENCIAL E TEMPORIZACIÓN .....	62
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA .....	64
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS .....	70
<b>DEBUXO TÉCNICO 1º BACHARELATO.....</b>	<b>71</b>

RELACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E TEMPORIZACIÓN PARA CADA UD. ....	71
PERFIL COMPETENCIAL E TEMPORIZACIÓN .....	79
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA. ....	81
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS .....	90
<b>DEBUXO ARTÍSTICO 1º BACHARELATO.....</b>	<b>91</b>
RELACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E TEMPORIZACIÓN PARA CADA UD. ....	91
PERFIL COMPETENCIAL E TEMPORIZACIÓN .....	94
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA .....	97
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS .....	101
<b>DEBUXO TÉCNICO 2º BACHARELATO.....</b>	<b>102</b>
RELACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E TEMPORIZACIÓN PARA CADA UD. ....	102
PERFIL COMPETENCIAL E TEMPORIZACIÓN .....	109
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA .....	110
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS .....	119
<b>DEBUXO ARTÍSTICO 2º BACHARELATO.....</b>	<b>120</b>
RELACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E TEMPORIZACIÓN PARA CADA UD. ....	120
PERFIL COMPETENCIAL E TEMPORIZACIÓN .....	124
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA .....	125
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS .....	130
<b>CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS .....</b>	<b>131</b>
ESO .....	131
BACHARELATO.....	132
<b>ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS EN MATERIAS DE 2º BACHARELATO .....</b>	<b>133</b>
DEBUXO TÉCNICO.....	133
DEBUXO ARTÍSTICO.....	135
<b>CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN .....</b>	<b>135</b>
<b>CRITERIOS SOBRE A CUALIFICACIÓN .....</b>	<b>136</b>
ESO .....	138
BACHARELATO.....	138
<b>PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....</b>	<b>139</b>

ESO .....	139
BACHARELATO.....	139
<b>AVALIACIÓN INICIAL .....</b>	<b>140</b>
<b>ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....</b>	<b>141</b>
<b>ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....</b>	<b>142</b>
<b>ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....</b>	<b>143</b>
<b>ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES .....</b>	<b>144</b>
<b>MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN E PROCESOS DE MELLORA .....</b>	<b>144</b>
<b>INFORMACIÓN AO ALUMNADO.....</b>	<b>146</b>

## INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A seguinte documento refírese á programación didáctica do departamento de Artes Plásticas do IES Arcebispo Xelmírez II en Santiago de Compostela. Para realizalo tívose en conta a seguinte normativa:

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, modificou o artigo 6 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, para definir o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada un dos ensinos.
- Real Decreto 1106/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia
- ORD\_ECD\_1361-2015\_Currículo\_ESO e BAC MEC e avaliación
- RESOLUCIÓN do 20 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2017/18, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os profesores que impartirán clase neste curso escolar 2021-22 son: Amabel Míguez de la Sierra e Jesús Fandiño Gracia, quens consideran que o valor formativo da materia reside no desenvolvemento da capacidade de observación así como a de aprender a expresarse mediante a linguaxe gráfico-plástica para o que deben coñecer distintos recursos procedimentais, instrumentos e técnicas artísticas.

Pensamos que é moi importante concienciar aos alumnos do poder de comunicación da linguaxe da Plástica, unha linguaxe que carece de barreiras idiomáticas e que posúe unha inmediatez única para a captación da mensaxe e, ao mesmo tempo, é universal e individual. Así mesmo o auxe das novas tecnoloxías fai necesario que

dotemos aos alumnos do coñecemento destas linguaxes propias que lles permitirá utilizalas sen o risco de perder a súa individualidade.

Entendemos que o ensino desta materia debe estar baseada nun método individualizado, creativo e activo. Cada alumno posúe características distintivas e calidades que configuran a súa peculiaridade, e segue unha liña evolutiva persoal. Dotaremos aos alumnos dos contidos conceptuais e procedimentais propios da materia a partires de: explicacións teóricas, proxeccións audiovisuais, presentación directa de obras, obxectos ou materiais, visitas a exposicións, museos, etc. É necesario establecer previamente un nivel teórico e práctico mínimo accesible ao conxunto dos alumnos, que haberá que establecer tras unha oportuna avaliación inicial que verifique o estado de desenvolvemento tanto do grupo como do individuo. O ensino desta materia debe seguir un método creativo, baseado no interese por parte do alumno, que debe sentir a necesidade de satisfacer os seus impulsos estéticos e de coñecemento. O método creativo ha de estar á súa vez baseado no principio de actividade. Para estimular a actividade convén: establecer un fin valioso e accesible para o alumno, determinar as actividades precisas para conseguilo, realizar o traballo de forma individual e efectuar unha crítica construtiva que incite a novas actividades. Coa presente organización de contidos preténdese un sistema de aprendizaxe continuo, no que todo coñecemento novo teña unha aplicación inmediata e compréndase como parte dun proceso.

Empregaremos unha metodoloxía que permita o desenrolo do talento nos alumnos, plantexaremos proxectos que posibiliten a adquisición de competencias e habilidades fundamentais como: creatividade, comunicación, colaboración e pensamento crítico, estes proxectos permitiralles aprender a resolver problemas complicados e levar a cabo tarefas difíciles empregando os coñecementos e habilidades adquiridas, tamén posibilitará formar persoas capaces de interpretar os fenómenos e os acontecementos que ocorren o seu arredor e desenrolar a motivación pola busca.

En primeiro e terceiro da ESO a materia estrutúrase en tres bloques: *Expresión plástica*, *Comunicación audiovisual* e *Debuxo técnico*. No bloque de *Expresión plástica* o alumno experimenta con diversos materiais e técnicas artísticas durante o proceso de creación. No bloque de *Comunicación audiovisual* propiciaremos que o alumnado adquira unha maior autonomía na creación de obras persoais, axudando a planificar mellor os pasos para realización de proxectos artísticos, tanto propios coma colectivos,

neste bloque analizarán tamén as características da linguaxe audiovisual desde a cal se realiza a análise crítica das imaxes que nos rodean, nel faremos especial fincapé, no uso das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas á imaxe. No bloque titulado *Debuxo técnico* trasládanse coñecementos teórico-prácticos sobre formas xeométricas e sistemas de representación, e aplícanse estes coñecementos á resolución de problemas e á realización de deseños.

Convencidos de que a aprendizaxe doutras linguas achega un valor engadido á cualificación dos nosos alumnos, desde o departamento de Artes Plásticas, ofertamos EPVA bilingüe en inglés en primeiro e este curso, por primeira vez, en terceiro da ESO.

En cuarto da ESO a materia estrutúrase en: *Expresión plástica, Debuxo técnico, Fundamentos do deseño e Linguaxe audiovisual e multimedia*. Considerando a madureza do alumnado, os coñecementos adquiridos en cursos anteriores sobre os tres bloques anteriores, incorpórase o bloque *Fundamentos do deseño*, que vai permitir o coñecemento das bases do deseño nas súas diferentes áreas desenvolvendo, desde un punto de vista práctico, os coñecementos adquiridos no resto de bloques.

En bacharelato Debuxo Técnico os contidos da materia se poden agrupar en tres grandes apartados relacionados entre si, aínda que con entidade propia en: *xeometría métrica aplicada*, para resolver problemas xeométricos e de configuración de formas no plano, *xeometría descritiva*, para representar formas e corpos volumétricos situados no espazo e por último a *normalización* para simplificar, unificar e obxectivar as representacións gráficas.

En bacharelato Debuxo Artístico os contidos están agrupados en torno a dous conxuntos: os conceptuais e os temáticos, que fan referencia á estrutura (organización interna) e a forma (aspecto exterior expresivo). O desenrolo destes contidos permitirá, en DA1, á observación e expresión da forma de maneira obxectiva, centrándose principalmente no coñecemento dos elementos constitutivos da forma e da súa organización no espazo. Neste curso, se lle introducirá no correcto uso dos materiais e procedementos técnicos. En DA2 se afonda no estudo das relacións estruturais entre as formas e as súas variantes espaciais e lumínicas. Se interpretan as formas desde distintas intencións comunicativas e se desenrola o correcto uso de instrumentos, técnicas e materiais.

Desde o departamento de Artes Plásticas pretendemos fomentar o desenrolo da

sensibilidade artística e a creatividade do alumno, incorporando intencións expresivas de carácter subxectivo as súas obras para elo proporcionarlles os recursos técnicos e procedimentais que lles permitirán conseguilo. O estudo da materia fomentará, a través do estímulo da actividade artística, o impulso da sensibilidade estética e a capacidade para formar criterios de valoración propios dentro do ámbito da plástica en xeral

### **CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO ALUMNADO.**

O I.E.S. Arcebispo Xelmírez II de Santiago de Compostela é un centro de ensino secundario da zona norte da cidade, que cumpriu este curso trinta e seis anos de existencia. No I.E.S. impártense ensinanzas de E.S.O. e bacharelato, nas modalidades de científico-técnico, humanidades e ciencias sociais.

O alumnado que temos no centro é de extracción urbana periférica. A maior parte procede da zona rural da área norte de Santiago.

O alumnado que accede aos primeiros cursos provén fundamentalmente dos CEIP de Vite, A. Casas Novoa, Montes dos Postes e López Ferreiro; en 1º de bacharelato se produce tamén una achega importante de alumnado que ven maioritariamente do núcleo de Sigüeiro e arredores.

Na derradeira década obsérvase unha maior e mellor cualificación no emprego de pais do alumnado, especialmente na administración e servizos fronte a agricultura e a gandería que eran antes, as actividades profesionais maioritarias.

No IES. Arcebispo Xelmírez II danse unha serie de circunstancias que condicionan a nosa tarefa, entre outras a ter en conta: o nivel sociocultural de procedencia da maioría do noso alumnado é medio baixo e, nalgúns casos, non valora a importancia da educación como medio de mellora persoal abandonando os estudos no primeiro ciclo da ESO e dificultando a nosa labor no tempo que están no centro. O nivel académico co que acceden os alumnos ao centro non é homoxéneo; nos primeiros cursos da ESO temos unha porcentaxe significativa de alumnos con distintas casuísticas de aprendizaxe, principalmente TDH. Ao longo do curso é moi posible que se incorporen alumnos inmigrantes que precisan sempre de adaptacións curriculares importantes xa que nalgúns casos nin falan as nosas línguas. Por último, a ratio de alumnos por clase



que teremos este curso, tendo en conta que aínda seguimos a convivir ca covid-19, non augura ser facilitar a nosa tarefa.

### **PROFESORADO DO DPTO. E DOCENCIA ASIGNADA AO MESMO**

Os profesores que imparten docencia neste curso 2021-22 con horario completo no departamento son: Amabel Míguez de la Sierra e Jesús Fandiño Gracia.

A EPV impártese en cinco niveis: como materia obrigatoria nos catro grupos de primeiro e de terceiro da ESO e como materia optativa nun grupo de cuarto da ESO, en dous grupos de primeiro de bacharelato: DT1 e DA1 e en dous grupos de segundo de bacharelato DT2 e DA2. Este curso teremos, por primeira vez, dous grupos de terceiro da ESO bilingüe en inglés, dos que se encargará o profesor Jesús Fandiño.

A reunión semanal do departamento farase os na aula de debuxo os martes de 11'20 a 12'10.

Distribución de grupos:

#### **Amabel Míguez de la Sierra:**

- Dous grupos de 1º ESO o A/B e C/D
- Dous grupos de 3º ESO o A/B e C
- Un grupo de bacharelato DT1 o B
- Un grupo de bacharelato DT2 o A/B
- Xefatura de Departamento

#### **Jesús Fandiño Gracia:**

- Dous grupos de 1º ESO sección bilingüe o A/B e C/D
- Dous grupos de 3º ESO sección bilingüe o A/B e C
- Un grupo de 4º ESO EPVA o B/C
- Un grupo de bacharelato DA1 o A/D
- Un grupo de bacharelato DA2 o C/D
- Coordinación bilingüe

## PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN

En calquera dos dous posibles escenarios o seguimento da programación será a mesma.

Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade:

### 1. **Lectiva presencial**

Este curso 2021-22 so haberá que facer lixeiras adaptacións á programación en 3º ESO. No terceiro trimestre do curso 2019-20 por mor da covid, quedaron sen ver os contidos referidos ao bloque de debuxo técnico pero como estes contidos tamén os ven na materia de matemáticas para o estudo da xeometría, teremos que determinar, na avaliación inicial, cales son os que realmente quedaron sen ver.

### 2. **Semipresencial e/ou non presencial**

Prevedo que as clases poidan ser nalgún momento non presenciais, ou ben que algunha clase ou grupo de alumnos non poidan asistir de xeito presencial ao centro por mor da pandemia, dedicaremos as primeiras sesións lectivas a mellorar a competencia dixital do alumnado, se lles ensinará a metodoloxía de traballo en línea, posibilitaremos que se familiaricen ca aula virtual do centro, que consulten os recursos educativos elaborados para eles e que fagan a presentación dalgúns dos seus traballos por medio da aula, o obxectivo é que todo o alumnado a coñeza y se desenvolva en ela ca suficiente destreza e funcionalidade.

En caso de que non poidamos ter, nalgún momento, as clases presenciais, a aula virtual será o instrumento que nos permitirá estar en contacto directo cos alumnos, subindo a ela as explicacións gravadas dos novos conceptos, os enlaces que lles permitan o afondamento dos mesmos, as tarefas que deben realizar, a corrección das mesmas e o medio a través do cal resolveremos as súas dúbidas de xeito individual. Si se da nalgún momento do curso este escenario o centro, como xa fixo hai dos cursos, facilitará ordenadores e conexión á rede a todos os alumnos que non dispoñan dela. Este curso, si algún alumno non puidese seguir a ensinanza telemática, se lles facilitará todos os recursos a través do centro:

fotocopias, libros...

Os profesores estarán en contacto cos pais dos alumnos mediante o avalar móbil para comentarlles calquer aspecto relevante da educación e aproveitamento dos seus fillos, sempre que o consideren necesario.

Tanto que a ensinanza sexa presencial ou on line diseñaremos actividades que teñan diferentes graos de realización e dificultade, que permitan diferentes posibilidades de execución según os seus intereses e que teñan aplicación na vida cotidiá, co fin de afianzar o logro dos obxectivos mínimos, estando sempre adaptada á realidade da aula.

## CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

- **Conciencia e expresións culturais (CCEC)**

A competencia que fai referencia ao desenvolvemento da conciencia e expresión culturais adquirese fundamentalmente a través da área de educación plástica visual e audiovisual, na que está presente a o longo de todo o currículo. O alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, e dende o coñecemento da linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas do propio patrimonio cultural e do alleo, tamén contribúe a alcanzar esta competencia cando se experimenta e investiga con distintas técnicas plásticas e visuais para expresarse a través da imaxe.

- **Competencias sociais e cívicas (CSC)**

A EPV constitúe un bo vehículo para o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas xa que a linguaxe artística é un canle de comunicación. A través desta linguaxe universal podemos transmitir ideas e sentimentos e, polo tanto, comunicarnos cos nosos semellantes. A creación artística posibilita o traballo en equipo e, a través del, promóvense actitudes de respecto, tolerancia, cooperación e flexibilidade e se adquiren habilidades sociais.

- **Competencia para aprender a aprender (CAA)**

A reflexión sobre os procesos e experimentación creativa contribúe a favorecer a competencia de aprender a aprender que implica a experimentación e a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora.

- **Competencia dixital (CD)**

A importancia que adquiren no currículo os contidos relativos ao entorno audiovisual e multimedia, expresa o papel que se lle concede a esta materia para a adquisición da competencia no tratamento da información e, en particular, a que aporta o mundo das imaxes. O emprego de recursos tecnolóxicos específicos non so supoñe un medio válido para a produción de creacións visuais, si non que, colabora na adquisición da competencia dixital.

- **Sentido da iniciativa e do espírito emprendedor (CSIEE)**

A EPV contribúe notablemente á adquisición da competencia para desenvolver o espírito crítico e emprendedor xa que desenrolamos as habilidades necesarias para converter as ideas en actos creativos así como a capacidade de asumir riscos e planificar

e xestionar proxectos.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**

(CMCCT)

Na materia de EPV os alumnos empregan continuamente conceptos matemáticos, tanto no debuxo artístico coma no debuxo técnico, por citar algúns: o concepto da proporción que a aplican nas escalas, no encaixado, na mestura de cores, a toma de medidas mediante o emprego de regras, semicírculos, calibres... o trazado de figuras xeométricas, perspectivas, etc.

- **Competencia en comunicación lingüística (CL)**

É moi importante o correcto emprego da terminoloxía propia da materia, tanto para defender as ideas, argumentar solucións, presentar e analizar obras ou debater sobre distintas opcións.

## OBXECTIVOS XERAIS

### ESO

Según establece o Decreto 86 / 2015, de 25 de xuño, a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos as capacidades que lles permitan:

**A-** Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

**B-** Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

**C-** Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

**D-** Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

**E-** Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

**F-** Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

**G-** Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

**H-** Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

**I-** Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

**L-** Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

**M-** Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

**N-** Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

**Ñ-** Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

**O-** Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### **BACHARELATO**

Según establece o Decreto 86 / 2015, de 25 de xuño, o bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos os seguintes obxectivos que lles permitirán:

**A-** Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

**B-** Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e

resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

**C-** Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

**D-** Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

**E-** Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

**F-** Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

**G-** Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

**H-** Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

**I-** Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

**L-** Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

**M-** Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

**N-** Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

**Ñ-** Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

**O-** Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

**P-** Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.



## EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL 1º ESO

### RELACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E TEMPORIZACIÓN PARA CADA UD.

<b>BLOQUE 1: EXPRESIÓN PLÁSTICA</b> <b>Unidade didáctica 1 - 4 sesións</b>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B N F	B1.1. Elementos configurativos da imaxe: punto, liña e plano. B1.2. Aprecio do uso que os/as artistas fan do punto, a liña e o plano para aplicalo ás propias composicións	B1.1. Identificar os elementos configuradores da imaxe	EPVAB1.1.1. Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas	CCEC
B N F	B1.3. O punto como o elemento máis sinxelo na comunicación visual. B1.4. Posibilidades gráficas e expresivas da liña en relación ao seu trazado, o seu grosor ou a súa velocidade. B1.5. Calidades do plano como elemento compositivo e como construtor de volume.	B1.3. Experimentar coas variacións formais do punto. B1.4 Experimentar coas variacións formais da liña. B1.5 Experimentar coas variacións formais do plano.	EPVAB1.3.1. Analiza os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creacións gráfico-plásticas.	CAA
			EPVAB1.3.2. Experimenta co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea.	CSIEE
			EPVAB1.3.3. Experimenta co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas xeometricamente ou máis libres e espontáneas.	CSIEE

<b>BLOQUE 1: EXPRESIÓN PLÁSTICA</b> <b>Unidade didáctica 2 - 5 sesións</b>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
A C D N O	B1.6. Elementos de expresión plástica: liña, textura e cor.	B1.6. Expresar emocións utilizando distintos elementos configurativos e recursos gráficos: liña, puntos, cores, texturas, claroscuros, etc.	EPVAB1.6.1. Realiza composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.	CCL
A	B1.7. Composición: elementos.	B1.7. Identificar e aplicar os elementos que interveñen	EPVAB1.7.1. Analiza, identifica e explica oralmente, por escrito e	CCL

F	B1.8. O ritmo na composición.	na composición. B1.8. Identifica e aplica os conceptos de equilibrio, proporción e ritmo en composicións básicas.	graficamente, o esquema compositivo básico de obras de arte e obras propias, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo.	
			EPVAB1.7.2. Realiza composicións básicas con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito.	CSIEE CL
			EPVAB1.7.3. Realiza composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo.	CCEC CSIEE
			EPVAB1.7.4. Representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, proporcionándoos en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito.	CCEC

### BLOQUE 1: EXPRESIÓN PLÁSTICA

#### Unidade didáctica 3- 4 sesións

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
A C D N	B1.9. A cor coma fenómeno físico e visual. Mestura aditiva e mestura subtractiva. B1.10. Círculo cromático. Cores complementarias	B1.9. Experimentar coas cores primarias e secundarias.	EPVAB1.9.1. Experimenta coas cores primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e subtractiva e as cores complementarias	CSC

### BLOQUE 1: EXPRESIÓN PLÁSTICA

#### Unidade didáctica 4 - 4 sesións

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
A C F O	B1.11. Texturas naturais e artificiais. Capacidade expresiva das texturas.	B1.11. Emprega e transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.	EPVAB1.11.1. Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.	CSIEE
B C E F G N	B1.12. Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.	B1.12. Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas: témpera, lapis de grafito e de cor, colaxe.	EPVAB1.12.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.	CSC
			EPVAB1.12.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.	CSC

			EPVAB1.12.3. Experimenta coas témporas aplicando a técnica de diferentes formas (pinxeis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.	CSC
			EPVAB1.12.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.	CSC
			EPVAB1.12.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.	CSC
			EPVAB1.12.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as dúas calidades gráfico-plásticas	CSC
			EPVAB1.12.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades	CSC

<b>BLOQUE 2: COMUNICACIÓN VISUAL</b>				
<b>Unidade didáctica 5- 4 sesións</b>				
<b>Obxectivos</b>	<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
A C D E F	B2.1. Imaxe e a comunicación visual. Iconicidade. Graos de iconicidade. Imaxe figurativa e imaxe abstracta.	B2.1. Recoñecer os graos de iconicidade en imaxes presentes no ámbito comunicativo.	EPVAB2.1.1. Diferencia imaxes figurativas de abstractas.	CCL
			EPVAB2.1.2. Recoñece graos de iconicidade nunha serie de imaxes.	CCL
			EPVAB2.1.3. Crea imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema.	CD
A C F L O	B2.2. Comunicación visual. Símbolos e iconas.	B2.2. Distinguir e crear tipos de imaxes segundo a súa relación significante-significado: símbolos e iconas.	EPVAB2.2.1. Distingue símbolos de iconas.	CCL
			EPVAB2.2.2. Deseña símbolos e iconas.	CD
A C	B2.4. Comunicación visual: características e elementos que interveñen nela	B2.4. Diferenciar e analizar os elementos que interveñen nun acto de comunicación	EPVAB2.4.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación visual	CSC

C F G I H O	B2.3. O cómic: medio de expresión. Linguaxe do cómic.	B2.3. Analizar e realizar cómics aplicando os recursos axeitadamente	EPVAB2.3.1. Deseña un cómic empreñando axeitadamente viñetas e lendas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas.	CCL
----------------------------	----------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----

<b>BLOQUE 3: DEBUXO TÉCNICO</b> <b>Unidade didáctica 6- 4 sesións</b>				
<b>Obxectivos</b>	<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
B N O	B3.1. Elementos xeométricos fundamentais: punto, liñas e direccións. Posicións relativas entre rectas: paralelas, secantes e perpendiculares.	B3.1. Comprender e empregar os conceptos espaciais do punto, a liña e o plano.	EPVAB3.1.1. Traza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regra, e resalta o triángulo que se forma.	CAA
B F N O	B3.2. Manexo da escuadra e cartabón para o trazado de paralelas, perpendiculares e rectas a 45º.	B3.2. Construír distintos tipos de rectas, utilizando a escuadra e o cartabón, despois de repasar previamente estes conceptos.	EPVAB3.2.1. Traza rectas paralelas, secantes e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión.	CMCCT

<b>BLOQUE 3: DEBUXO TÉCNICO</b> <b>Unidade didáctica 7 - 5 sesións</b>				
<b>Obxectivos</b>	<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
B N O	B3.3. Circunferencia e círculo. A circunferencia como lugar xeométrico básico no plano.	B3.3. Coñecer con fluidez os conceptos de circunferencia, círculo e arco.	EPVAB3.3.1. Constrúe unha circunferencia lobulada de seis elementos, utilizando o compás.	CMCCT
B F N O	B3.4. Manexo do compás. Dividir a circunferencia en dous, catro, seis ou oito partes iguais, usando o compás. Realizar motivos decorativos co manexo do compás.	B3.4. Utilizar o compás, realizando exercicios variados para familiarizarse con esta ferramenta.	EPVAB3.4.1. Divide a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxa coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita	CMCCT

<b>BLOQUE 3: DEBUXO TÉCNICO</b> <b>Unidade didáctica 8 – 3 sesións</b>				
<b>Obxectivos</b>	<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
B O	B3.5. Ángulos. Clasificación de ángulos y posicións relativas.	B3.5. Comprender o concepto de ángulo e bisectriz e a clasificación de ángulos agudos, rectos e obtusos.	EPVAB3.5.1. Identifica os ángulos de 30º, 45º, 60º e 90º na escuadra e no cartabón	CMCCT CSIEE

B F G O	B3.6. Trazado de ángulos con escuadra e cartabón	B3.6. Estudar a suma e a resta de ángulos, e comprender a forma de medilos.	EPVAB3.6.1. Suma ou resta ángulos positivos ou negativos con regra e compás.	CMCCT
B O	B3.7. Realizar operacións con ángulos. Medidas angulares. Transporte de medidas angulares.	B3.7. Estudar o concepto de bisectriz e o seu proceso de construción.	EPVAB3.7.1. Constrúe a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás.	CMCCT
B F G O	B3.8. Bisectriz dun ángulo. A bisectriz como lugar xeométrico básico no plano.	B3.8. Diferenciar claramente entre recta e segmento tomando medidas de segmentos coa regra ou utilizando o compás.	EPVAB3.8.1. Suma ou resta segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás	CMCCT

**BLOQUE 3: DEBUXO TÉCNICO**  
**Unidade didáctica 9 – 4 sesións**

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B O	B3.9. Concepto de medida. Operacións con segmentos coa axuda da regra ou utilizando o compás.	B3.9. Trazar a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.	EPVAB3.9.1. Traza a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón	CMCCT
B F O	B3.10. Lugares xeométricos fundamentais: Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana.	B3.10. Coñecer lugares xeométricos e defínilos.	EPVAB3.10.1. Explica, verbalmente ou por escrito, os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, biselector, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).	CCL
B F O	B3.11. Teorema de Thales. Aplicacións do teorema de Thales para dividir un segmento en partes iguais e para a escala dun polígono.	B3.11. Estudar as aplicacións do teorema de Thales.	EPVAB3.11.1. Divide un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales	CMCCT
			EPVAB3.11.2. Escala un polígono aplicando o teorema de Thales	CMCCT

**BLOQUE 3: DEBUXO TÉCNICO**  
**Unidade didáctica 10 – 4 sesións**

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B N O	B3.12. Triángulos. Clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos. Propiedade fundamental dos triángulos.	B3.12. Comprender a clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos.	EPVAB3.12.1. Clasifica calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos.	CCEC

B N O	B3.13. Construción de triángulos.	B3.13. Construír triángulos coñecendo tres dos seus datos (lados ou ángulos).	EPVAB3.13.1. Constrúe un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas.	CAA
B F	B3.14. Rectas e puntos notables dos triángulos: Alturas, medianas, bisectrices e mediatrices	B3.14. Analizar as propiedades de puntos e rectas característicos dun triángulo.	EPVAB3.14.1. Determina o baricentro, o incentro ou o circuncentro de calquera triángulo, construíndo previamente as medianas, as bisectrices ou as mediatrices correspondentes.	CSIEE
B F	B3.15. Os triángulos rectángulos: características e construción	B3.15. Coñecer as propiedades xeométricas e matemáticas dos triángulos rectángulos, e aplicarlas con propiedade á construción destes.	EPVAB3.15.1. Debuxa un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto.	CMCCT

**BLOQUE 3: DEBUXO TÉCNICO**  
**Unidade didáctica 11 - 3 sesións**

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B F	B3.16. Os cuadriláteros. Clasificación e propiedades	B3.16. Coñecer os tipos de cuadriláteros.	EPVAB3.16.1. Clasifica correctamente calquera cuadrilátero	CCEC
B F N	B3.17. Cuadriláteros paralelogramos	B3.17. Executar as construcións máis habituais de paralelogramos	EPVAB3.17.1. Constrúe calquera paralelogramo coñecendo dous lados consecutivos e unha diagonal	CAA

**BLOQUE 3: DEBUXO TÉCNICO**  
**Unidade didáctica 12 – 4 sesións**

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B F N	B3.18. Os polígonos.	B3.18. Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares.	EPVAB3.18.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.	CCEC
B F N O	B3.19. Construción de polígonos regulares inscritos nunha circunferencia.	B3.19. Estudar a construción dos polígonos regulares inscritos na circunferencia.	EPVAB3.19.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia.	CMCCT

Adoptamos como norma xeral facer a temporalización dos estándares por unidades didácticas; a transversalidade de moitos deles, e o feito de que, con frecuencia, se traballan varios de xeito simultáneo fai que resulte estéril asignar unha temporalización

concreta a cada un. O desenvolvemento de cada estándar está condicionado por circunstancias moi diversas o que fai que, na práctica, o tempo que dedicamos a cada estándar varia, incluso, nos distintos grupos dun mesmo nivel. O profesor levará un control para non superar os tempos mínimos asignados e co obxectivo de acadar o grao suficiente de desenvolvemento de todos.

<b>PERFIL COMPETENCIAL E TEMPORIZACIÓN</b>					
<b>Competencia</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Temporalización por avaliacións</b>			<b>Peso</b>
CCEC (6)	EPVAB1.1.1. Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas.	X			20 %
	EPVAB1.3.3. Experimenta co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas xeometricamente ou máis libres e espontáneas.	X			
	EPVAB1.12.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinces, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.	X	X		
	EPVAB2.1.3. Crea imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema.		X		
	EPVAB2.2.2. Deseña símbolos e iconas		X		
	EPVAB3.18.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.			X	
CAA (6)	EPVAB1.3.1. Analiza os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creacións gráfico-plásticas.	X	X		20%
	EPVAB1.12.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións, colaxes matéricos e figuras tridimensionais	X	X	X	
	EPVAB3.1.1. Traza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regra, e resalta o triángulo que se forma.			X	
	EPVAB3.13.1. Constrúe un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas.			X	
	PVAB3.17.1. Constrúe calquera paralelogramo coñecendo dous lados consecutivos e unha diagonal.			X	
	EPVAB2.4.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en		X		

	actos de comunicación visual.				
CSIEE (11)	EPVAB1.3.2 Experimenta co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea.	X			20 %
	EPVAB1.7.2. Realiza composicións básicas con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito.	X	X	X	
	EPVAB1.7.3. Realiza composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo.	X	X	X	
	EPVAB1.11.1. Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.	X	X		
	EPVAB1.9.1. Experimenta coas cores primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e subtractiva e as cores complementarias.	X	X		
	EPVAB1.12.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.	X	X		
	PVAB2.1.1. Diferencia imaxes figurativas de abstractas		X		
	EPVAB2.1.2. Recoñece graos de iconicidade nunha serie de imaxes.		X		
	EPVAB2.2.1. Distingue símbolos de iconas		X		
	EPVAB3.5.1. Identifica os ángulos de 30º, 45º, 60º e 90º na escuadra e no cartabón.			X	
	EPVAB3.14.1. Determina o baricentro, o incentro ou o circuncentro de calquera triángulo, construíndo previamente as medianas, as bisectrices ou as mediatrices correspondentes.			X	
CCL (3)	EPVAB1.7.1. Analiza, identifica e explica oralmente, por escrito e graficamente, o esquema compositivo básico de obras de arte e obras propias, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo.		X		10 %
	EPVAB2.3.1. Deseña un cómic utilizando adecuadamente viñetas e lendas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas.		X		
	EPVAB3.10.1. Explica, verbalmente ou por escrito, os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, biselector, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).			X	
CD (1)	EPVAB2.5.2. Distingue a función ou funcións que predominan en mensaxes visuais e audiovisuais.		X		5%
CMCCT (9)	EPVAB3.2.1. Traza rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión.			X	20 %
	EPVAB3.4.1. Divide a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxa coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita.			X	
	EPVAB3.6.1. Suma ou resta ángulos positivos ou negativos con regra e compás.			X	
	EPVAB3.7.1. Constrúe a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás.			X	
	EPVAB3.8.1. Suma ou resta segmentos, sobre unha recta, medindo			X	



	coa regra ou utilizando o compás.				
	EPVAB3.9.1. Traza a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.			X	
	EPVAB3.11.1. Divide un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales.			X	
	EPVAB3.11.2. Escala un polígono aplicando o teorema de Thales.			X	
	EPVAB3.19.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia.			X	
CSC (2)	EPVAB1.12.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.	X	X	X	5 %
	EPVAB1.12.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	X	X	X	

### INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.

Estándares de aprendizaxe	Procedementos e instrumentos de avaliación	Excelente	Avanzado	Grao mínimo de consecución para superar a materia	En vías de adquisición
EPVAB1.1.1. Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano como elementos configuradores da forma.	Bloc de debuxo. Observación directa do alumno. Exposición dos exercicios e comentario na aula.	Identifica sen problema e valora a importancia que teñen o punto, a liña e o plano como elementos que configuran a forma non só na plástica, se non en outras áreas de coñecemento.	Identifica con claridade e valora a importancia que teñen o punto, a liña e o plano, na plástica, como elementos configuradores da forma	Identifica e valora a importancia que teñen o punto, a liña e o plano como elementos que configuran a forma.	Identifica con dificultade a importancia que teñen o punto, a liña e o plano na plástica, como elementos que configuran a forma.
EPVB1.1.2. Analiza de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas.	Observación directa do alumno e exposicións orais ou probas escritas na clase.	Busca sen problema, información relevante sobre o tema e a expón moi ben de xeito oral ou escrito, empregando con soltura o vocabulario específico	Busca información importante sobre o tema e a presenta ben tanto de xeito oral ou escrito, empregando o vocabulario específico.	Busca información elemental sobre o tema. A presenta con poucos erros tanto de xeito oral ou escrito.	Non sabe buscar a información máis importante sobre o tema. A presenta mal tanto de xeito oral como escrito con moitas faltas de ortografía e non emprega vocabulario específico.
EPVAB1.2.1. Aprecia o uso que os/as artistas fan do punto, a liña e o plano para aplicalo ás propias composicións.	Observación directa do alumno e valoración do produto final.	Aprecia moito o uso que fan os/as artistas do punto, a liña e o plano e utilizan as súas obras como fonte de inspiración para aplicalo ás propias composicións.	Aprecia o uso que fan os/as artistas do punto, a liña e o plano para aplicalo con acerto nas propias composicións.	Aprecia con axuda o uso que fan os/as artistas do punto, a liña e o plano para aplicalo ás propias composicións.	Non aprecia o uso que os/as artistas fan do punto, a liña e o plano e non son quen de aplicalo ás propias composicións.

EPVAB1.3.1. Analiza os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creacións gráfico-plásticas.	Exposicións na clase e produto final	Sabe identificar na natureza e nas obras deseñadas polo home os ritmos lineais e os analiza e aplica con orixinalidade e creatividade nas súas obras	Sabe identificar na natureza e nas obras deseñadas polo home os ritmos lineais os analiza e aplica con corrección nas súas obras	Identifica na natureza e nas obras deseñadas polo home os ritmos lineais, pero os aplica con pouca orixinalidade nas súas obras.	Identifica con moitísima dificultade na natureza e nas obras deseñadas polo home os ritmos lineais, e non os aplica con acerto nas súas obras.
EPVAB1.3.2 Experimenta co punto, a liña e o plano o concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea.	Bloc de debuxo. Valoración dos bosquejos previos ao produto final.	Experimenta co punto, a liña e o plano o concepto de ritmo, Presenta todos os traballos rematados con gran orixinalidade limpeza e corrección.	Experimenta co punto, a liña e o plano o concepto de ritmo. Presenta todos os traballos rematados con limpeza e corrección.	Experimenta con pouca creatividade co punto, a liña e o plano o concepto de ritmo. Presenta algúns dos traballos rematados con pouca limpeza e corrección.	Non experimenta co punto, a liña e o plano o concepto de ritmo. Non presenta todos os traballos, e os que entrega están inacabados ou sucios.
EPVAB1.6.1. Realiza composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, punto texturas, cores, etc.)	Bloc de debuxo. Valoración do produto final.	Realiza con orixinalidade composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando e experimentando con diversos recursos gráficos (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.). Presenta todos os traballos rematados con gran limpeza e corrección.	Realiza con pulcritude composicións que transmiten bastante ben emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando con corrección diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.	Realiza con certa inseguridade composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando con bastante corrección diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc. Presenta algúns traballos rematados con pouca limpeza e corrección.	Non é capaz de realizar composicións que transmitan emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) non utiliza con corrección os diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc. Non presenta os traballos ou os que entrega están inacabados ou sucios.
EPVAB1.7.1. Analiza, identifica e explica oralmente, por escrito e graficamente, o esquema compositivo básico de obras de arte e obras propias, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo.	Probas orais e escritas. Bloc de debuxo.	Analiza con coñecemento, identifica moi ben e explica oralmente e por escrito, empregando con precisión o vocabulario específico, o esquema compositivo básico de obras de arte e obras propias, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo.	Analiza con acerto, identifica ben e explica oralmente e por escrito, empregando vocabulario específico	Analiza e identifica con axuda e explica tanto oralmente como por escrito con algunhas incorreccións o esquema compositivo básico de obras de arte e obras propias, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo.	Non é quen de analizar nin identificar, aínda con axuda, o esquema compositivo básico de obras de arte e das obras propias, e as explica ,tanto oralmente como por escrito, con moitos erros.

EPVAB1.7.2. Realiza composicións básicas con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito.	Bloc de debuxo. Observación directa do alumno e produto final. Probas escritas	Realiza con orixinalidade composicións básicas experimentando con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito, rematándoas con gran limpeza e corrección.	Realiza con corrección composicións básicas con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito. Presenta todos os traballos rematados con limpeza e corrección.	Realiza con algunha axuda composicións básicas con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito. Presenta algúns dos traballos rematados con pouca limpeza e corrección.	Non realiza composicións básicas con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito. Non presenta todos os, e os que entrega están inacabados o sucios.
EPVAB1.7.3. Realiza composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo.	Bloc de debuxo. Observación directa do alumno e produto final.	Realiza orixinais composicións modulares empregando e experimentando con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo. Presenta todos os rematados con gran limpeza e corrección.	Realiza de xeito autónomo composicións modulares empregando con corrección diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo. Presenta todos os traballos rematados con limpeza e corrección.	Realiza con certa axuda composicións modulares empregando limitados procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo. Presenta os traballos rematados con pouca limpeza e corrección.	Non presenta todos os traballos sobre composicións modulares, non emprega con corrección diferentes procedementos gráfico plásticos, algúns dos seus traballos os que entrega inacabados ou sucios.
EPVAB1.7.4 Representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, proporcionándoos en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito.	Bloc de debuxo. Observación directa do alumno e produto final.	Presenta con gran orixinalidade, limpeza e corrección todos os traballos nos que representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, os proporciona ben en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito.	Presenta con limpeza e corrección todos os traballos; nos que representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, os proporciona bastante ben en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito.	Presenta os traballos nos que representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, os proporciona con certa dificultade en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito. Os traballos os remata con pouca limpeza e corrección.	Non realiza todos os traballos nos que ten que representar obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, non consegue proporcionalos en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito.
EPVAB1.9.1. Experimenta coas cores primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e subtractiva e as cores complementarias	Bloc de debuxo. Valoración dos bosquejos previos ao produto final	Experimenta coas cores primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e subtractiva e as cores complementarias. Presenta todos os traballos rematados con gran orixinalidade limpeza e corrección.	Experimenta coas cores primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e subtractiva e as cores complementarias. Presenta todos os traballos rematados con limpeza e corrección.	Experimenta coas cores primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e subtractiva e as cores complementarias. Presenta algúns os traballos rematados con pouca limpeza e corrección.	Non experimenta, coas cores primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e subtractiva e as cores complementarias. Non presenta todos os traballos, e os que entrega están inacabados ou sucios.

EPVAB1.11.1. Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.	Bloc de debuxo. Bosquexos previos ao produto final. Observación directa do alumno.	Experimenta e transcribe con orixinalidade texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.	Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas con limpeza e corrección en composicións abstractas ou figurativas.	Transcribe con axuda texturas táctiles e visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas bastante ben en composicións abstractas ou figurativas.	Transcribe con moi pouca limpeza e orixinalidade texturas táctiles e visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas con pouco acerto en composicións abstractas ou figurativas.
EPVAB1.12.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.	Bosquexos e produto final Observación directa do alumno.	Experimenta e emprega con propiedade as técnicas gráfico- plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade. Presenta todos os traballos e os remata con gran orixinalidade limpeza e corrección.	Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade. Presenta todos os traballos e os remata con limpeza e corrección.	Emprega as técnicas gráfico- plásticas coñecidas aínda que algunhas non as aplica de forma axeitada ao obxectivo da actividade. Presenta os traballos pero os remata con pouca limpeza e corrección.	Emprega moi poucas técnicas gráfico-plásticas e non as aplica de forma axeitada ao obxectivo da actividade. Non presenta todos os traballos e os que entrega están inacabados ou sucios.
EPVAB1.12.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.	Bloc de debuxo. Bosquexos e produto final. Observación directa do alumno.	Utiliza con soltura o lapis de grafito e de cor, ensaiando diferentes posibilidades para crear o claroscuro uniforme de trazo en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas. Presenta todos os traballos e os remata con gran orixinalidade limpeza e corrección	Utiliza o lapis de grafito e de cor con corrección, creando o claroscuro bastante uniforme en el trazo e composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas. Presenta todos os traballos e remata con limpeza e corrección	Utiliza o lapis de grafito e de cor con pouca corrección creando o claroscuro pouco uniforme en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas. Presenta os traballos pero os remata con pouca limpeza e corrección.	Utiliza o lapis de grafito e de cor con ningunha soltura non é quen de crear o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma irregular e saíndo ou non chegando aos perfís das formas. Non presenta todos os traballos e os que entrega están inacabados ou sucios.
EPVAB1.12.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando a posibilidades expresivas segundo grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas	Bloc de debuxo. Bosquexos e produto final. Observación directa do alumno.	Experimenta coas témperas aplicando as técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valora as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas obtendo moi bos resultados.	Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valora as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas obtendo bo resultados.	Experimenta pouco coas témperas aplica a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), pero non consegue controlar os pinceis. Non lle saca todas as posibilidades expresivas que ten a técnica segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas	Non experimenta coas témperas non emprega diferentes formas para aplicar a cor, non valora as posibilidades expresivas da técnica. Non presenta todos os traballos e os que entrega están inacabados ou sucios. Non trae os materiais que precisa.

EPVAB1.12.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.	Bloc de debuxo. Traballos de escultura. Observación directa do alumno. Bosquexos e produto final.	Utiliza con moita creatividade o papel experimenta manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións orixinais, colaxes matéricas e figuras tridimensionais	Utiliza con corrección o papel manipulando resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais Presenta ben os traballos.	Utiliza con pouca creatividade o papel, manipulándoo, resgando ou pregando, para crear composicións, colaxes e figuras tridimensionais	Utiliza con pouca limpeza o papel para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais
EPVAB1.12.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.	Bloc de debuxo. Observación directa do alumno e produto final.	Crea e experimenta co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos conseguindo obras moi creativas	Crea con corrección co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos conseguindo bos resultados plásticos	Crea con axuda formas abstractas e figurativas con papel recortado compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos con pouca creatividade	Non emprega con acerto o papel recortado para crear formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.
EPVAB1.12.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas	Observación directa do alumno e produto final	Aporta e experimenta con moitos materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas	Aproveita e aporta materiais reciclados para a elaboración de obras ensaia distintas composición con eles e aproveita as súas calidades gráfico-plásticas é responsable co medio	Aproveita e aporta poucos materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveita as súas calidades gráfico-plásticas	Non aporta materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e non aproveita as súas calidades gráfico-plásticas
EPVAB1.12.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	Observación directa do alumno.	Mantén sempre o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en bo orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	Mantén o seu espazo de traballo e o seu material con escaso orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	Mantén o seu espazo de traballo moi desordenado, e non o achega á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.
EPVAB2.1.1. Diferencia imaxes figurativas de abstractas.	Observación directa do alumno. Probas orais e escritas.	Diferencia con claridade imaxes figurativas de abstractas.	Diferencia ben imaxes figurativas de abstractas.	Diferencia imaxes figurativas de abstractas.	Non sempre diferencia ben imaxes figurativas de abstractas.
EPVAB2.1.2. Recoñece graos de iconicidade nunha serie de imaxes.	Observación directa do alumno e produto final. Probas orais e escritas.	Recoñece sen problema graos de iconicidade nunha serie de imaxes.	Recoñece graos de iconicidade nunha serie de imaxes.	Recoñece con algunha axuda graos de iconicidade nunha serie de imaxes.	Non recoñece graos iconicidade nunha serie de imaxes.

EPVAB2.1.3. Crea imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema.	Bloc de debuxo. Observación directa do alumno e produto final.	Crea varias imaxes ensaiando distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema.	Crea imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema.	Crea, con algunha axuda, imaxes con distintos graos de iconicidade dependendo do tema.	Crea con pouco acerto ou non crea imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema.
EPVAB2.2.1. Distingue símbolos de iconas.	Probos orais e escritas Observación directa do alumno.	Distingue con claridade símbolos de iconas.	Distingue ben símbolos de iconas.	Distingue con algunha dúbida símbolos de iconas.	Non distingue con claridade símbolos de iconas.
EPVAB2.2.2. Deseña símbolos e iconas.	Bloc de debuxo. Observación directa do alumno e produto final.	Deseña, con creatividade, moitos símbolos e iconas e presenta múltiples bosqueños .	Deseña con acerto varios símbolos e iconas	Deseña con algunha axuda símbolos e iconas	Non deseña ben símbolos e iconas e os presenta sen rematar ou moi mal rematados
EPVAB2.3.1. Deseña un cómic utilizando adecuadamente viñetas e lendas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas.	Bloc de debuxo. Observación directa do alumno e produto final.	Deseña un cómic complexo utilizando adecuadamente viñetas e lendas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas	Deseña un cómic utilizando adecuadamente viñetas e lendas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas	Deseña un cómic sinxelo utilizando adecuadamente as viñetas e lendas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas	Non deseña un cómic completo nin utiliza adecuadamente as viñetas e lendas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas
EPVAB2.4.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación visual.	Probos orais e escritas. Observación directa do alumno.	Identifica e analiza con claridade os elementos que interveñen en actos de comunicación visual	Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación visual	Identifica e analiza, con certa dificultade, os elementos que interveñen en actos de comunicación visual	Non identifica nin analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación visual
EPVAB3.1.1. Traza as rectas que pasan por cada par de puntos usando a regra.	Bloc de debuxo. Probos escritas. Observación directa do alumno e produto final.	Traza con pulcritude as rectas que pasan por cada par de puntos, usando con precisión a regra .	Traza con limpeza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando ben a regra.	Traza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando bastante ben a regra	Traza con dificultade as rectas que pasan por cada par de puntos usando sen ningunha precisión a regra
EPVAB3.2.1. Traza rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión.	Bloc de debuxo. Probos escritas. Observación directa do alumno e produto final.	Traza con moita precisión rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando con precisión a escuadra e cartabón.	Traza as rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando ben escuadra e cartabón con precisión.	Traza con certa dificultade rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión.	Traza moi mal rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, non sabe utilizar a escuadra e cartabón ou o fai con ningunha precisión.

EPVAB3.4.1. Divide a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxa coa regra o hexágono regular e triángulo equilátero que se posibilita	Bloc de debuxo. Probas escritas. Observación directa do alumno e produto final.	Divide a circunferencia en seis partes iguais, usando con precisión o compás, e debuxa coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita	Divide a circunferencia en seis partes iguais, usando ben o compás, e debuxa coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita	Divide, con algunha imprecisión, a circunferencia en seis partes iguais, usando con certa dificultade o compás, e debuxa coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita	Non sabe dividir a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxa con moita dificultade coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita
EPVAB3.5.1. Identifica os ángulos de 30º, 45º, 60º e 90º na escuadra e no cartabón	Bloc de debuxo. Probas escritas. Observación directa do alumno.	Identifica sen dificultade os ángulos de 30º, 45º, 60º e 90º na escuadra e no cartabón	Identifica ben os ángulos de 30º, 45º, 60º e 90º na escuadra e no cartabón	Identifica aínda que as veces dubida os ángulos de 30º, 45º, 60º e 90º na escuadra e no cartabón	Identifica con moita dificultade os ángulos de 30º, 45º, 60º e 90º na escuadra e no cartabón
EPVAB3.6.1. Suma ou resta ángulos positivos ou negativos con regra e compás.	Bloc de debuxo. Probas escritas. Observación directa do alumno e produto final.	Suma ou resta sen dificultade ángulos positivos ou negativos con regra e compás facendo uns trazados moi pulcros.	Suma ou resta con bos trazados ángulos positivos ou negativos con regra e compás,	Suma ou resta ben ángulos positivos ou negativos con regra e compás	Non é capaz de sumar e restar ángulos positivos ou negativos con regra e compás, ou o fai sen ningunha precisión.
EPVAB3.7.1. Constrúe a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás.	Bloc de debuxo. Probas escritas. Observación directa do alumno e produto final.	Constrúe sen dificultade e con moita precisión e limpeza a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás	Constrúe ben, con limpeza e precisión a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás	Constrúe bastante precisión a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás aínda que con trazados pouco precisos.	Constrúe con moita dificultade e de xeito moi impreciso a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás
EPVAB3.8.1. Suma ou resta segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás.	Bloc de debuxo. Probas escritas. Observación directa do alumno e produto final.	Suma ou resta sen dificultade e con precisión segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás.	Suma ou resta ben segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás.	Suma ou resta ben segmentos, sobre unha recta, medindo sen demasiada precisión a regra ou o compás.	Suma ou resta mal segmentos, sobre unha recta, dado que mide con pouca precisión coa regra ou utilizando o compás.
EPVAB3.9.1. Traza a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón	Bloc de debuxo. Probas escritas. Observación directa do alumno e produto final.	Traza sen dificultade e con precisión e limpeza a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón	Traza con limpeza a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón	Traza a mediatriz dun segmento utilizando con bastante precisión o compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón	Non traza con precisión a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, nin utilizando regra, escuadra e cartabón
EPVAB3.10.1. Explica, verbalmente ou por escrito, os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, biselector, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).	Probas orais e escritas. Observación directa do alumno	Emprega con soltura e precisión o vocabulario específico para explicar verbalmente ou por escrito, os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, biselector, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.	Explica, utilizando o vocabulario específico, tanto verbalmente ou por escrito, os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, biselector, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.	Explica con algunha imprecisión tanto verbalmente ou por escrito, os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, biselector, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.	Explica mal o con moita dificultade, tanto verbalmente ou por escrito, os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, biselector, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.

EPVAB3.11.1. Divide un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales	Bloc de debuxo. Probas escritas. Observación directa do alumno e produto final.	Divide con precisión empregando ben os instrumentos de trazado un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales.	Divide ben empregando os instrumentos de trazado un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales.	Divide un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales coñece o trazado aínda que non é moi preciso nos trazados.	Non sabe dividir un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales.
EPVAB3.11.2. Escala un polígono aplicando o teorema de Thales	Bloc de debuxo. Probas escritas. Observación directa do alumno e produto final.	Escala con precisión empregando correctamente os instrumentos de trazado un polígono aplicando o teorema de Thales	Escala ben un polígono aplicando o teorema de Thales empregando con bastante precisión os instrumentos de trazado.	Escala, con pouca precisión, un polígono aplicando o teorema de Thales	Non sabe escalar un polígono aplicando o teorema de Thales
EPVAB3.12.1. Clasifica calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos.	Bloc de debuxo. Probas escritas. Observación directa do alumno e produto final.	Clasifica con precisión, empregando o vocabulario específico calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos	Clasifica moi ben calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos	Clasifica calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos	Non sabe clasificar os triángulos, observando os seus lados e os seus ángulos
EPVAB3.13.1. Constrúe un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas.	Bloc de debuxo. Probas escritas. Observación directa do alumno e produto final.	Constrúe con moita precisión un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas	Constrúe ben un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados utilizando correctamente as ferramentas	Constrúe con pouca precisión nos trazados un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando ben as ferramentas	Non sabe facer un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados. Non utiliza correctamente as ferramentas
EPVAB3.14.1. Determina o baricentro, o incentro ou o circuncentro de calquera triángulo, construíndo previamente as medianas, as bisectrices ou as mediatrices correspondentes.	Bloc de debuxo. Probas escritas. Observación directa do alumno e produto final.	Determina con precisión e pulcritude no trazo o baricentro, o incentro ou o circuncentro de calquera triángulo, construíndo previamente as medianas, as bisectrices ou as mediatrices correspondentes	Determina ben e con limpeza o baricentro, o incentro ou o circuncentro de calquera triángulo, construíndo previamente as medianas, as bisectrices ou as mediatrices correspondentes	Determina con certa axuda o baricentro, o incentro ou o circuncentro de calquera triángulo, construíndo previamente as medianas, as bisectrices ou as mediatrices correspondentes	Non sabe que é nin determinar o baricentro, o incentro ou o circuncentro de calquera triángulo, construíndo previamente as medianas, as bisectrices ou as mediatrices correspondentes
EPVAB3.15.1. Debuxa un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto.	Bloc de debuxo. Probas escritas. Observación directa do alumno e produto final.	Debuxa con precisión un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto.	Debuxa sen problema un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto.	Debuxa con pouca precisión nos trazados un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto.	Non sabe debuxar un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto.
EPVAB3.16.1. Clasifica correctamente calquera cuadrilátero	Bloc de debuxo. Probas orais e escritas.	Clasifica correctamente empregando o vocabulario específico calquera cuadrilátero	Clasifica correctamente calquera cuadrilátero	Clasifica calquera cuadrilátero.	Non sabe clasificar correctamente calquera cuadrilátero



EPVAB3.17.1. Constrúe calquera paralelogramo coñecendo dous lados consecutivos e unha diagonal	Bloc de debuxo. Probas escritas. Observación directa do alumno e produto final.	Constrúe con moita precisión e limpeza calquera paralelogramo coñecendo dous lados consecutivos e unha diagonal	Constrúe ben e con limpeza calquera paralelogramo coñecendo dous lados consecutivos e unha diagonal	Constrúe bastante ben calquera paralelogramo coñecendo dous lados consecutivos e unha diagonal	Non constrúe paralelogramos coñecendo dous lados consecutivos e unha diagonal
EPVAB3.18.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.	Bloc de debuxo. Probas orais e escritas. Observación directa do alumno	Clasifica correctamente empregando o vocabulario específico calquera polígono de tres a cinco lados diferenciando claramente se é regular ou irregular.	Clasifica calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.	Clasifica con algunha axuda calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando se é regular ou irregular.	Non sabe clasificar correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, nin diferencia claramente regular ou irregular.se é
EPVAB3.19.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia	Bloc de debuxo. Probas escritas. Observación directa do alumno e produto final.	Constrúe con moita precisión e limpeza polígonos regulares de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia	Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia	Constrúe con algunha axuda polígonos regulares de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia	Non sabe debuxar correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia

## MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Para este nivel non temos fixado ningún libro de texto obrigatorio. Os profesores aportarán para o estudo das distintas UD. recursos tales como: libros, imaxes, audiovisuais... que aclaren e completen os contidos a tratar.

Os materiais que deberán aportar os alumnos son:

- Bloc de debuxo Din-A4
- Lapis B nº 4 e HB Nº 2
- Goma de nata
- Escuadra, cartabón, regra e compás
- Pinturas á cera Manley
- Témperas: as tres cores primarias, branco e negro.
- Dous pinceis (fino e grosso) que se indicarán na clase.
- Material de reciclaxe como: periódicos, revistas, cartóns, envases, etc.
- Cartolinas.
- Tixeiras.
- Cola.

## EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDIOVISUAL SECCIÓN BILINGÜE

### XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Este proxecto preséntase ao abeiro da Resolución do 12 de abril de 2019, da D.X. de Educación, FP e Innovación educativa, para a incorporación de novas seccións bilingües (DOG do 30 de abril). Preséntase tamén no marco da Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario (D.O.G. do 20 de maio).

É indiscutible nas circunstancias educativas e sociais actuais que unha competencia lingüística plurilingüe é unha compoñente básica da formación dos cidadáns.

A aprendizaxe doutras linguas achega un valor engadido á cualificación do alumnado galego, fomentando o desenvolvemento das capacidades básicas coa integración de valores de respecto e tolerancia cara a multiculturalidade, ademáis de facilitar o tránsito e mobilidade por outros países, en particular da Unión Europea, e a realización de actividades, en particular a participación en programas educativos europeos e intercambios.

A primeira sección bilingüe implantada no centro autorizouse para o curso 2011-12 na materia de física e química de 3º de ESO, en lingua inglesa. Naquel momento, propuxéronse esta materia e ese curso por ser a única posibilidade tendo en conta o requisito para o profesorado de contar cunha certificación B2 na correspondente lingua estranxeira. Posteriormente, ao ampliar a oferta de seccións bilingües, realizáronse as propostas na materia de física e química de 4º ESO (curso 2012-13) e 1º de bacharelato (curso 2013-14) dado que o abano de posibilidades era o mesmo. Desde un primeiro momento, e en diversas ocasións, valorouse polos equipos docentes e os equipos directivos a conveniencia de estender esta oferta a outros cursos e, sobre todo, a outras materias, de xeito que a oferta resultase máis rica. Enriquecer agora o Proxecto Educativo deste centro coa inclusión dunha nova sección bilingüe completa a nosa oferta educativa ao permitir ao alumnado o acceso a esta posibilidade desde a súa incorporación ao centro desde o primeiro nivel impartido no mesmo.

## PROFESORADO E ALUMNADO PARTICIPANTE.

O presente proxecto de sección bilingüe diríxese ao alumnado de primeiro e terceiro curso de Educación Secundaria Obrigatoria, na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual.

O profesorado implicado será:

- Profesorado especialista do departamento de Artes Plásticas: Jesús Victoriano Fandiño Gracia, con destino definitivo no centro e certificación do nivel B2 no idioma inglés.
- Profesorado do departamento de lingua estranxeira (inglés): realizará as funcións de coordinadora a profesora María Alicia Domínguez Ríos, con destino definitivo no centro e xefa do departamento de inglés. Impartirá a lingua estranxeira ó grupo de alumnado no que se enmarque a sección bilingüe.

## OBXECTIVOS

Os obxectivos xerais con relación á lingua inglesa: que queremos acadar son:

- Lograr un coñecemento máis fondo desta lingua de xeito natural na aprendizaxe doutras materias e desde os primeiros momentos da aprendizaxe diferenciada.
- Acadar unha mellor cualificación en inglés ao finalizar a etapa de educación secundaria obrigatoria para o caso do alumnado que curse todas as seccións bilingües ofertadas.
- Propiciar o desenvolvemento das habilidades que caracterizan a aprendizaxe dunha lingua: comprensión oral, expresión oral, comprensión escrita e expresión escrita, así como a interacción oral.
- Se capacez de empregar o inglés en contextos relacionados coas artes e a expresión plástica.
- Coñecer os aspectos fundamentais que caracterizan a sociedade dos países de cultura anglosaxona.

- Valorar a difusión da cultura e a arte a través do uso da lingua inglesa.

Estes obxectivos xerais concréntanse en obxectivos máis específicos, que se relacionan a continuación:

#### Lingüísticos

- Fomentar a aprendizaxe do inglés a través de materias de coñecemento, nomeadamente a Educación Plástica, Visual e Audiovisual.
- Traballar a competencia lingüística, a través da observación, expresión e comunicación artística, coa utilización de destrezas comunicativas (listening, speaking, reading, writing and oral interaction).
- Desenvolver a iniciativa comunicativa do alumnado en inglés, utilizándoo como vehículo de expresión habitual na aula en situacións reais e comúns do contorno próximo.

#### Culturais

- Coñecer as achegas doutras culturas, costumes e modos de pensar, cara a fomentar a tolerancia e solidariedade propias dunha humanidade pluricultural e desenvolvendo un espírito crítico coa difusión do coñecemento científico.

#### Cognitivos

- Reflexionar sobre a importancia do plurilingüismo na creación e difusión da cultura e na expresión e comunicación artística.

#### De centro

- Fomentar o traballo en equipo entre o profesorado da especialidade docente de inglés e o resto do profesorado do claustro, particularmente co equipo docente do curso da sección bilingüe.
- Crear un fondo de recursos e materiais didácticos nas tres linguas da comunidade.
- Dar continuidade e coherencia á oferta educativa do centro, en particular en relación coas linguas estranxeiras.

## METODOLOXÍA

A sección bilíngüe organiza a materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual do 1º curso da ESO para ser impartida e cursada polo alumnado do grupo dun xeito dual, é dicir, na lingua estranxeira (inglés) ademáis de en castelán.

Esta organización responde á aplicación dunha metodoloxía AICLE/CLIL, que significa aprendizaxe integrada das linguas e dos contidos e que neste caso concreto ten por finalidade reforzar a aprendizaxe da lingua inglesa, a través da incorporación parcial do seu uso como instrumento de aprendizaxe e vehículo de comunicación na materia citada. Tendo en conta esta premisa fórmulanse os seguintes principios metodolóxicos:

- Promover a adquisición e desenvolvemento das competencias básicas, particularmente a competencia lingüística en inglés, mediante a actividade mental do alumnado para a interpretación e argumentación en situacións comunicativas.
- Desenvolver a capacidade de aprender a aprender, fomentando a imaxinación, a motivación e a participación co emprego de diferentes tipos de recursos e materiais didácticos.

Tendo como base estes principios establecemos os puntos concretos a traballar na metodoloxía:

- Atender á diversidade na aula. Os alumnos teñen diferentes estilos de aprendizaxe e intereses, ademais de traer unha bagaxe de experiencias diferentes. Tratarase esta diversidade do seguinte xeito:
  - Promover na aula un ambiente favorable para a utilización do inglés
  - Realizar actividades variadas que activen os diferentes estilos de aprendizaxe e preferencias.
  - Permitir ao alumnado participar nas actividades a diferentes niveis de esixencia e de cualificación.
  - Motivar ao alumnado para personalizar a súa linguaxe, segundo as súas experiencias e coñecementos previos.

- Proporcionar actividades de reforzo e ampliación de acordo ao nivel dos nosos alumnos.

### AVALIACIÓN

Establécense as seguintes pautas en función do grao de cumprimento dos obxectivos establecidos:

- O seguimento da colaboración entre o profesorado especialista en lingua e o da especialidade de física e química realizarase fundamentalmente a través das actas da coordinación semanal, e do grao de cumprimento e de consecución das iniciativas postas en marcha e dos acordos adoptados nas reunións.
- En canto aos materiais e recursos didácticos elaborados no marco deste proxecto, un indicador de medida será o número de recursos producidos. Asimesmo, valorarase a súa utilización no marco do proxecto e os resultados acadados na mesma, realizando ao final do curso as propostas de adecuación, compleción e mellora pertinentes. Outro indicador de medición serán as enquisas que con este motivo se lle pasen ao alumnado participante na sección bilingüe para a valoración do seu desenvolvemento e do material empregado.
- Asimesmo, a valoración e conclusións da memoria final serán un instrumento clave para a avaliación do proxecto, as propostas de mellora cara a vindeiros cursos e a continuación da sección bilingüe no futuro, así como a súa posible extensión a outras especialidades e materias.

### Contidos lingüísticos

O uso efectivo do inglés supón necesariamente unha visión aberta e positiva destas relacións cos demais, visión que se materializa en actitudes de valoración e respecto cara a todas as linguas e culturas, a outras persoas con usos, valores e crenzas diferentes. Expresións dunha diversidade presente na arte, e por tanto no seu ensino.

Os contidos lingüísticos propostos contribúen a mellorar a aprendizaxe e a aumentar o rendemento escolar na competencia en comunicación lingüística.

Os contidos lingüísticos presentes no proxecto están pensados en e desde a sincronicidade cos contidos que os alumnos irán recibindo ao longo do curso académico

na materia de Inglés; deste xeito pretendemos eliminar calquer desfasamento existente sendo este proxecto un elemento de reforzo dos contenidos o tempo que unha posibilidade para amplialos cara outros ámbitos no vocabulario, na cultura, ou na arte.

A partires deste plantexamento distribuimos os contidos lingüísticos presentes neste proxecto nos seguintes bloques xenéricos:

Ámbitos de actuación na Educación Plástica e Visual:

- Vocabulario: ferramentas de traballo, técnicas e procedementos, materiais e ferramentas, xeometría, debuxo técnico, arquitectura, pintura, deseño, escultura...
- Ámbitos de actuación na arte: artistas, estilos, museos.
- Ámbitos de actuación no audiovisual: publicidade, novos medios, arte urbano, moda...

### **Expresión oral/escrita**

No espazo da aula o proxecto pretende camiñar cara un horizonte final onde escoitar e comprender información específica de textos orais en situacións comunicativas variadas en inglés sexa un feito o máis normalizado posible. Nesta mesma dirección expresarse e interactuar oralmente en situación habituais de comunicación de forma comprensible e apropiada será outro dos obxetivos tendo en conta para todo isto o perfil bilingüe como posibilidade de interacción nos casos onde estes obxetivos non podan ser cumpridos.

O proxecto establece un programa de actuación específica nos seguintes ámbitos temáticos:

- Operativo: pedir axuda, preguntar, disculparse, expresar sentimentos e emocións, etc.
- Académico: explicar un proceso artístico, creativo ou técnico, comentar un traballo feito en clase, expresar ideas e opinión, etc.



## **Comprensión lectora**

Os contidos lingüísticos deste proxecto pretender acadar que o alumno sexa quen de facer una lectura comprensiva de enunciados básicos, con vocabulario específico coa finalidade de extraer información xeral e específica, complementando e enfatizando esta información ca información visual expresada mediante imaxes e signos gráficos.

Para acadar esta expresión oral, lectora e escrita contaremos co apoio regular da profesora auxiliar de conversa e terá un itinerario coordinado cara o reforzó e a correcta pronunciación do diferente vocabulario, expresións e construcións presentes en cada unidade didáctica.

## **Relación coas competencias**

A Educación Plástica Visual e Audiovisual ten como finalidade desenvolver no alumnado capacidades perceptivas, expresivas e estéticas a partir do coñecemento teórico e práctico das linguaxes visuais para comprender a realidade. Ao mesmo tempo, busca potenciar o desenvolvemento da imaxinación, a creatividade e a intelixencia emocional, favorece o razonamento crítico ante a realidade plástica, visual e social.

Ademáis das competencias derivadas dos ámbitos lingüísticos que polo carácter do propio proxecto bilingüe a relación virá dada por principio pola achega transversal das diferentes competencias pero focalizada fundamentalmente nos ámbitos relativos ás competencias culturais e artísticas, as derivadas da competencia para aprender a aprender, as propias da información e competencia dixital e por último as relativas a competencia social e cidadán.

En relación cas competencias básicas a EPVA contribúe, especialmente, a adquirir a competencia artística e cultural: ampliando os seús coñecementos dos diferentes códigos artísticos e na utilización das diferentes técnicas. Aprendendo a mirar, ver, observar e percibir, e desde o coñecemento do da linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas. Experimentando e investigando con distintas técnicas plásticas e de creación visual sendo capaz de expresarse a través da imaxe.

No primeiro caso os contidos da materia permítenos derivar parte dos diferentes temas cara as formulacións artísticas presentes na arte dos nosos días, a arquitectura, o deseño, a moda.... Neste sentido a cultura anglosaxona significase pola amplitude na súa achega ao panorama artístico actual, neste sentido introduciremos este tipo de estratexia como ferramenta operativa para introducir dentro do desenvolvemento das tarefas no aula un esforzo cara a unha adecuación ao ámbito cultural anglosaxón que por outra banda conta cunha xenerosa achega ao debate sobre a arte actual.

A Comisión para a Educación da Unión Europea considera aprender a aprender como unha competencia básica de gran influencia en todas as demáis. Seguindo estas directrices este proxecto de sección bilingüe inicia a súa andaina desde e na filosofía do autoaprendizaxe e nesa dirección a formulación do propio proxecto fundaméntase sobre a consideración do contido, “aprender a aprender”, como troncal e catalizador. O obxectivo é contribuir á reflexión sobre os procesos e a experimentación creativa xa que estes implican a toma de conciencia das propias capacidades e recursos así como a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora. Todo este proceso, contando con todo o que este proxecto ten de inmersión lingüística, de experimentación, de investigación, e de autocrítica produce modelos operativos, métodos de traballo, modelos de aprendizaxe.

Os contidos derivados da competencia social e da cidadán atopanse presentes nos feitos artísticos porque estes están ancorados nas sociedades que os produciron e, por tanto, non poden entenderse á marxe da cultura de orixe ou dos contextos de produción: valores, claves económicas, ideolóxicas, técnicas, relixiosas, científicas... Traballar na aula desde a consideración da importancia dos contextos sociais, culturais e de experiencia persoal nas maneiras de ver e de interpretara arte e as imaxes favorecerá a comprensión da realidade histórica e social do mundo, a súa evolución, os seus logros, os seus problemas. O feito de que a asignatura esté aberta a outra lingua, o inglés e a súa contorna cultural dota dunha maior riqueza esta comprensión, a fai máis global. Por último o proxecto considera ao contido relativo á información e competencia dixital pola súa importancia e pola súa relación co ámbito máis visual e audiovisual da materia.

## ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Non todos os alumnos aprenden igual. As aprendizaxes previas, o nivel de maduración, a situación persoal, os factores xenéticos e de desenvolvemento, son algúns dos aspectos que poden influír na aprendizaxe. A tradicional forma de ensino identificou o fracaso coa non consecución dos contidos e obxectivos do currículo, sen prestar a atención necesaria ás características que condicionan a aprendizaxe de cada persoa.

A riqueza e variedade dos contidos na plástica, unidas á gran importancia dos factores actitudinais e de relación dentro da área implican unha gran variedade de respostas que moitas veces non están condicionadas pola non realización dunha tarefa ou a consecución dun obxectivo.

En tremos xeráis a materia desenvolve tres grandes grupos de diversidade:

- Desenvolvemento da motricidade.
- Características individuais.
- Experiencias previas.

O obxectivo do noso proxecto é ofertar unha educación de pleno dereito a todo o alumnado é, por tanto, un proxecto integrador e non seleccionador.

Trátase de achegar o currículo ás características individuais de cada alumno, favorecendo a individualización do ensino. Non se pretende diminuír o grao de esixencia, senón flexibilizalo e dar ao alumno distintos camiños ou opcións para a consecución dos obxectivos marcados.

As medidas de atención á diversidade contempladas perseguen a finalidade de adecuar a resposta educativa e céntranse en dous eixos operativos:

- Considerar a diferenza de niveis tendo un especial interese por integrar ao grupo desde a adecuación a uns modelos alcanzables globalmente, orientados cara ao reforzo e á adquisición de novo vocabulario.
- Establecer agrupamentos pensados desde a achega de sinerxías entre alumnos,

traballando cara a modelos cooperativos, nunca competitivos.

Por outra banda o desenvolvemento das capacidades xerais para aprender é especialmente activo no feito de estar en contacto con dúas linguas, non só no ámbito lingüístico. Estes procesos desenvolven no alumno unha "flexibilidade cognoscitiva" proveitosa en todo aprendizaxe intelectual, capacidades de abstracción, de conceptualización, así como un aumento da creatividade e da imaxinación. Ademais destes factores o elemento integrador funciona nesta dirección cara un escenario diverso e integrado ao mesmo tempo.

### **Medidas específicas:**

- Valoración Inicial: valorarase mediante a avaliación inicial o desenvolvemento da motricidade fina, creatividade, coñecementos previos, orde na execución das actividades e coidado do material, así como os seus intereses artísticos. A partir dos resultados da avaliación inicial adaptarase a programación da área ao alumnado.
- Adaptación dos obxectivos: flexibilizar os obxectivos permite que o alumno atope maiores posibilidades para a súa consecución. Pódese establecer uns mínimos de referencia en función das características de cada alumno.
- Selección e priorización de contidos: para a consecución dun obxectivo deben existir diversos camiños, é dicir, distintos contidos. Haberá que priorizar, de forma que haxa uns mínimos e, a partir deles, outros de maior complexidade. O criterio de dificultade polo que se prioricen contidos non debe ser só o do nivel de execución. O nivel de esixencia tamén pode vir dado pola dificultade de comprensión, de percepción, de toma de decisións ou de asimilación do propio contido.
- Selección de metodoloxías centradas no proceso e no alumno: normalmente o estilo de ensino vese condicionado polo contido a desenvolver e polo dominio da actividade que teñan os alumnos. Na medida do posible, debemos empregar estratexias didácticas que responsabilicen ao alumno da súa aprendizaxe, o que reforza o interese e a motivación cara á actividade, permitindo ao alumno unha

aprendizaxe adaptada ás súas necesidades. Hai que tentar acondicionar o estilo de ensino ás características dos alumnos e aos distintos niveis de aprendizaxe, fuxindo dun ensino homoxeneizado.

### SECCIÓN BILINGÜE DE EPVA 3º CURSO DA ESO

Además, no tocante á sección bilingüe desenvolvida nos grupos de 3º de ESO nesta liña, formúlanse os seguintes obxectivos, como iniciación á mellora das competencias do alumnado nesta lingua estranxeira:

- Lograr un coñecemento máis fondo desta lingua de xeito natural na aprendizaxe doutras materias e desde os primeiros momentos da aprendizaxe diferenciada.
- Conseguir unha maior cualificación en inglés ao finalizar a etapa de educación secundaria obrigatoria.
- Propiciar o desenvolvemento das habilidades que caracterizan a aprendizaxe da lingua: comprensión oral, expresión oral, comprensión escrita e expresión escrita, así como a interacción oral.
- Ser capaces de empregar o inglés para describir situación e interaccións co mundo físico.
- Coñecer os aspectos fundamentais que caracterizan a sociedade dos países de cultura anglosaxona.
- Valorar a difusión das artes plásticas a nivel mundial a través do uso da lingua inglesa.
- Fomentar a aprendizaxe do inglés a través da materia de EPVA.
- Traballar a competencia lingüística, a través da resolución de situación e problemas no medio artístico, coa utilización de destrezas comunicativas (listening, speaking, reading, writing and oral interaction).
- Desenvolver a iniciativa comunicativa do alumnado en inglés, utilizando como vehículo de expresión habitual na aula en situacións reais e combos do contorno próximo.
- Ofrecer una visión do entorno e patrimonio artístico da cultura anglosaxona

A especificidade bilingüe continúa cos obxectivos trazados para os grupos cando estes atopábanse en primeiro da ESO. Neste sentido e excepción dos novos alumnos que puidesen aparecer no grupo, o proceso de adaptación ao modelo bilingüe debese transcórrexer xa dunha maneira automática.

Neste aspecto, farase na sección bilingüe énfase na competencia en comunicación lingüística, de acadar os obxectivos formulados que gardan relación coa lingua inglesa.

A coordinación semanal co departamento de inglés permitirá adecuar este desenvolvemento ao expresado para esta materia e nivel de programación didáctica dese departamento. O resto dos aspectos da programación, obxectivos, concreción das competencias aspecto non citado aquí, contidos, criterios de avaliación e mínimos para unha cualificación positiva seguirase o establecido con carácter xeral para esta materia e curso. En particular, e tal e como establece o Artigo 3.4 toda de 12 de maio de 2011 que regula as seccións bilingües, a avaliación do alumnado aanstarase procedementos establecidos con carácter xeral.

## EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL 3º ESO

RELACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E TEMPORIZACIÓN PARA CADA UD.				
<b>BLOQUE 1: EXPRESIÓN PLÁSTICA</b>				
<b>Unidade didáctica 1 - 2 sesións</b>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B C D F G N	B1.1. Proceso creativo. Métodos creativos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño.	B1.1. Coñecer e aplicar os métodos creativos gráfico-plásticos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño.	EPVAB1.1.1. Reflexiona e avalía, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva.	CAA CL
			EPVAB1.1.2. Coñece e aplica métodos creativos para a elaboración de deseño gráfico, deseños de produto, moda e as súas múltiples aplicacións.	CSIEE
B D F G N	B1.2. O proceso creativo desde a idea inicial ata a execución definitiva.	B1.2. Crear composicións gráfico-plásticas persoais e colectivas.	EPVAB1.2.1. Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais	CSIEE

<b>BLOQUE 1: EXPRESIÓN PLÁSTICA</b>				
<b>Unidade didáctica 2 - 4 sesións</b>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
A C D F N	B1.3. A imaxe como representación da realidade. Iconicidade na imaxe gráfica. Niveis de iconicidade. como estudo previo ao resultado final. O bosquexo ou apuntamento	B1.3. Debuxar con distintos niveis de iconicidade da imaxe.	EPVAB1.3.1. Comprende e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosquejos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos.	CCA
			EPVAB1.3.2. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.	CCA

<b>BLOQUE 1: EXPRESIÓN PLÁSTICA</b>				
<b>Unidade didáctica 3 - 5 sesións</b>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
A C D F N	B1.4. Propiedades da cor. Cor luz e cor pigmento.	B1.4. Identificar e diferenciar as propiedades da cor luz e a cor pigmento	EPVAB1.4.1. Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas	CSIEE

A C D F N	B1.5. Temperatura da cor.	B1.5 Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas da temperatura da cor. Cores cálidas e frías.	EPVB1.5.1 Realiza composicións con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións frías e cálidas por medio do uso da cor.	CLC
A C D F N	B1.6. Simbolismo da cor.	B1.6 Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas do simbolismo da cor	EPVB1.6.1 Realiza composicións para expresar diferentes sensacións simbólicas por medio do uso da cor.	CLC
A C D F N	B1.7. Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.	B1.7. Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas. Témpera e lapis de grafito e de cor; colaxe.	EPVAB1.7.1. Realiza composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor.	CCEC

<b>BLOQUE 2: COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL</b>				
<b>Unidade didáctica 4 - 4 sesións</b>				
<b>Obxectivos</b>	<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
A D F	B2.1. Percepción visual. Proceso perceptivo. B2.2. Constantes perceptivas de forma, tamaño e cor	B2.1. Identificar os elementos e factores que interveñen no proceso de percepción de imaxes.	EPVAB2.1.1. Analiza as causas polas que se produce a percepción da forma o tamaño e a cor.	CAA
A N	B2.3. Ilusións ópticas. B2.4. Leis ou principios da Gestalt.	B2.3. Recoñecer as leis visuais da Gestalt que posibilitan as ilusións ópticas e aplicar estas leis na elaboración de obras propias.	EPVAB2.3.1. Identifica e clasifica ilusións ópticas segundo as leis da Gestalt. EPVAB2.3.2. Deseña ilusións ópticas baseándose nas leis da Gestalt.	CSC CCEC

<b>BLOQUE 2: COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL</b>				
<b>Unidade didáctica 5 - 4 sesións</b>				
<b>Obxectivos</b>	<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
E G O	B2.5. Imaxe en movemento: posibilidades expresivas	B2.5. Coñecer os fundamentos da imaxe en movemento e explorar as súas posibilidades expresivas.	EPVAB2.5.1. Elabora unha animación con medios dixitais e/ou analóxicos.	CD



<b>BLOQUE 2: COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL</b>				
<b>Unidade didáctica 6 - 3 sesións</b>				
<b>Obxectivos</b>	<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
A C D F H	B2.6. Linguaxe visual. Signo visual. Significante e significado.	B2.6. Identificar significante e significado nun signo visual.	EPVAB2.6.1. Distingue significante e significado nun signo visual.	CCL
A C D F H	B2.7. Linguaxe da imaxe. Aprender a ler a imaxe. B2.8. Denotación e connotación.	B2.5. Describir, analizar e interpretar unha imaxe, distinguindo os seus aspectos denotativo e connotativo	EPVAB2.5.1. Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elemento	CCL
			EPVAB2.5.2. Analiza unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva, identificando os elementos de significación, narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusións e interpretando o seu significado	CCEC

<b>BLOQUE 2: COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL</b>				
<b>Unidade didáctica 7 - 6 sesións</b>				
<b>Obxectivos</b>	<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
E L	B2.9. Fotografía. A fotografía como medio de comunicación.	B2.9. Analizar e realizar fotografías comprendendo e aplicando os fundamentos desta.	EPVAB2.6.1. Identifica encadramentos e puntos de vista nunha fotografía.	CCL
			EPVAB2.6.2. Realiza fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas.	CCL
A C D E H	B2.10. Linguaxes visual e audiovisual: funcións e códigos.	B2.10. Utilizar de xeito axeitado as linguaxes visual e audiovisual con distintas funcións.	EPVAB2.10.1. Deseña, en equipo, mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc.), e valora de xeito crítico os resultados.	CCL
A C D F H I	B2.11. Recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.	B2.11. Identificar e recoñecer as linguaxes visuais apreciando os estilos e as tendencias, valorando, e respectando do patrimonio histórico e cultural, e gozando del.	EPVAB2.11.1. Reflexiona críticamente sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe	CCEC

E G I	B2.12. Linguaxe multimedia como ferramenta de traballo	B2.12. Comprender os fundamentos da linguaxe multimedia, valorar as achegas das tecnoloxías dixitais e ser capaz de elaborar documentos mediante estes medios.	EPVAB2.12.1. Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado	CD
-------------	--------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----

<b>BLOQUE 3: DEBUXO TÉCNICO</b> <b>Unidade didáctica 8 - 6 sesións</b>				
<b>Obxectivos</b>	<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
F B I	B3.1. Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana	B3.1. Coñecer lugares xeométricos e defínilos	EPVAB3.1.1. Explica verbalmente ou por escrito os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).	CCL
B F N	B3.2. Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos.	B3.2. Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares.	EPVAB3.2.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.	CCA
B F N	B3.3 Construción de polígonos regulares dado o lado.	B3.3. Estudar a construción de polígonos regulares coñecendo o lado.	EPVAB3.3.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado.	CMCCT

<b>BLOQUE 3: DEBUXO TÉCNICO</b> <b>Unidade didáctica 9 - 5 sesións</b>				
<b>Obxectivos</b>	<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
B E F G	B3.4. Tanxencias e enlaces. Propiedades e consideracións xeométricas das tanxencias.	B3.4. Comprender as condicións dos centros e as rectas tanxentes en distintos casos de tanxencia e enlaces.	EPVAB3.4.1. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas.	CMCCT
			EPVAB3.4.2. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando adecuadamente as ferramentas	CA
B E F G	B3.5. Tanxencias e enlaces en curvas técnicas: óvalos e ovoídes.	B3.5. Comprender a construción do óvalo e do ovoíde básicos, aplicando as propiedades das tanxencias entre circunferencias.	EPVAB3.5.1. Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o eixe maior	CMCCT

B F O	B3.6. Propiedades e características das tanxencias en óvalos e ovoides.	B3.6. Analizar e estudar as propiedades das tanxencias nos óvalos e nos ovoides.	EPVAB3.6.1. Constrúe varios tipos de óvalos e ovoides, segundo os eixes coñecidos.	CSIEE
B F G N	B3.7. Enlaces en curvas técnicas. Espirais: propiedades e características	B3.7. Aplicar as condicións das tanxencias e enlaces para construír espirais de dous, tres, catro e cinco centros.	EPVAB3.7.1. Constrúe correctamente espirais de dous, tres, catro e cinco centro	CMCCT

<b>BLOQUE 3: DEBUXO TÉCNICO</b> <b>Unidade didáctica 10 - 3 sesións</b>				
<b>Obxectivos</b>	<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
B F G N	B3.8. Redes modulares: cadrada e triangular. B3.9. Concepto de simetría, xiro e translación aplicado as composicións modulares.	B3.8. Estudar os conceptos de simetrías, xiros e translacións aplicándoos ao deseño de composicións con módulos.	EPVAB3.8.1. Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos	CD

<b>BLOQUE 3: DEBUXO TÉCNICO</b> <b>Unidade didáctica 11- 6 sesións</b>				
<b>Obxectivos</b>	<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
B F N O	B3.10. Representación obxectiva de sólidos. Introdución aos sistemas de medida e sistemas perspectivivos. Vistas diédricas dun sólido.	B3.10. Comprender o concepto de proxección e aplicalo ao debuxo das vistas de obxectos, con coñecemento da utilidade das anotacións, practicando sobre as tres vistas de obxectos sinxelos e partindo da análise das súas vistas principais.	EPVAB3.10.1. Debuxa correctamente as vistas principais de volumes frecuentes, identificando as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas.	CMCCT
B F N O	B3.11. Introdución ás axonometrías e ás súas características. Axonometría cabaleira aplicada a volumes sinxelos.	B3.10. Comprender e practicar o procedemento da perspectiva cabaleira aplicada a volumes elementais.	EPVAB3.10.1. Constrúe a perspectiva cabaleira de prismas e cilindros simples, aplicando correctamente coeficientes de redución sinxelos.	CMCCT
B F	B3.12. Axonometría isométrica aplicada a volumes sinxelos.	B3.12. Comprender e practicar os procesos de construción de perspectivas isométricas de volumes sinxelos.	EPVAB3.12.1. Realiza perspectivas isométricas de volumes sinxelos, utilizando correctamente a escuadra e o cartabón para o trazado de paralelas.	CCEC CMCCT

Adoptamos como norma xeral facer a temporalización dos estándares por

unidades didácticas; a transversalidade de moitos deles, e o feito de que se traballan con frecuencia varios de xeito simultáneo fai que resulte estéril asignar una temporalización concreta a cada un. O seu desenvolvemento está condicionado por circunstancias moi diversas, hora na que se imparte a clase, capacidades e motivación do alumnado, maior desenvolvemento destes... todo esto fai que na práctica, o tempo que hay que dedicarlle a cada estándar varia moitas veces nos distintos grupos dun mesmo nivel. O profesor deberá levar un control para non superar os tempos mínimos asignados co obxectivo de acadar o grao suficiente de desenvolvemento de todos.

PERFIL COMPETENCIAL E TEMPORIZACIÓN					
Competencia	Estándares de aprendizaxe	Temporalización Avaliacións			Peso
CCEC (7)	EPVAB1.7.1. Realiza composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor.	X	X		20 %
	EPVAB1.3.2. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.	X			
	EPVAB2.3.2. Deseña ilusións ópticas baseándose nas leis da Gestalt .		X		
	EPVAB2.5.2. Analiza unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva, identificando os elementos de significación, narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusións e interpretando o seu significado.		X		
	EPVAB2.10.1. Deseña, en equipo, mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc.), e valora de xeito crítico os resultados.		X		
	EPVAB2.11.1. Reflexiona criticamente sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe.		X		
	EPVAB3.12.1. Realiza perspectivas isométricas de volumes sinxelos, utilizando correctamente a escuadra e o cartabón para o trazado de paralelas.			X	
CAA (5)	EPVAB1.1.1. Reflexiona e avalía, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva.	X	X	X	15%
	EPVAB1.3.1. Comprende e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosquejos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos.		X		
	PVAB2.1.1. Analiza as causas polas que se produce a percepción da forma o tamaño e a cor.		X		
	EPVAB2.6.1. Identifica encadramentos e puntos de vista nunha fotografía.		X		
	EPVAB3.2.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.			X	
CSIEE (7)	EPVAB1.1.2. Coñece e aplica métodos creativos para a elaboración de deseño gráfico, deseños de produto, moda e as súas múltiples aplicacións.		X		20 %

	EPVAB1.2.1. Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais.	X	X	X	
	EPVAB1.4.1. Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas.	X			
	EPVB1.5.1 Realiza composicións con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións frías e cálidas por medio do uso da cor.	X	X		
	EPVB1.6.1 Realiza composicións para expresar diferentes sensacións simbólicas por medio do uso da cor.	X	X		
	EPVAB2.6.2. Realiza fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas.		X		
	EPVAB3.8.1. Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos.		X	X	
CCL (3)	EPVAB2.6.1. Distingue significante e significado nun signo visual .		X		10 %
	EPVAB2.5.1. Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elementos.		X		
	EPVAB3.1.1. Explica verbalmente ou por escrito os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).			X	
CD (2)	EPVAB2.5.1. Elabora unha animación con medios dixitais e/ou analóxicos.		X		10 %
	EPVAB2.12.1. Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado.		X		
CMCCT (6)	EPVAB3.3.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado.			X	15 %
	EPVAB3.4.1. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas.			X	
	EPVAB3.5.1. Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior.			X	
	EPVAB3.7.1. Constrúe correctamente espirais de dous, tres, catro e cinco centro.			X	
	EPVAB3.10.1. Debuxa correctamente as vistas principais de volumes frecuentes, identificando as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas.			X	
	EPVAB3.10.1. Constrúe a perspectiva cabaleira de prismas e cilindros simples, aplicando correctamente coeficientes de redución sinxelos.			X	
CSC (1)	EPVAB2.10.1. Deseña, en equipo, mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc.), e valora de xeito crítico os resultados.		X		10 %

**INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A  
MATERIA**

<b>Indicadores de logro</b>	<b>Instrumentos de avaliación</b>	<b>Excelente</b>	<b>Avanzado</b>	<b>Grao mínimo de consecución para superar a materia.</b>	<b>En vías de adquisición</b>
EPVAB1.1.1. Reflexiona e avalía, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva.	Probas orais ou escritas. Observación directa do alumno.	EPVAB1.1.1. Reflexiona e avalía, con madurez e soltura empregando o vocabulario específico tanto oralmente como por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva.	EPVAB1.1.1. Reflexiona e avalía, con fundamento empreñando o vocabulario específico oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva.	EPVAB1.1.1. Reflexiona e avalía, aportando ideas xenerais oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva.	EPVAB1.1.1. Non aporta ideas claras nin argumentos sólidos para reflexionar e avaliar, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva.
EPVAB1.1.2. Coñece e aplica métodos creativos para a elaboración de deseño gráfico, deseños de produto, moda e as súas múltiples aplicacións.	Bloc de debuxo. Observación directa do alumno	Coñece e aplica múltiples métodos creativos para a elaboración de deseño gráfico, deseños de produto, moda e as súas múltiples aplicacións	Coñece e aplica varios métodos creativos para a elaboración de deseño gráfico, deseños de produto, moda e as súas múltiples aplicacións	Coñece e aplica métodos bastante creativos para a elaboración de deseño gráfico, deseños de produto, moda e as súas múltiples aplicacións	Aplica métodos pouco creativos para a elaboración de deseño gráfico, deseños de produto, moda e as súas múltiples aplicacións
EPVAB1.2.1. Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais	Bloc de debuxo. Observación directa do alumno	Crea composicións orixinais aplicando procesos creativos sinxelos, seguindo con orden e claridade propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais	Crea composicións interesantes aplicando procesos creativos sinxelos, entendendo ben propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais	Crea composicións correctas aplicando procesos creativos sinxelos, entendendo bastante ben propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais	Non é quen de crear composicións aplicando procesos creativos sinxelos, seguindo propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais
EPVAB1.3.1. Comprende e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosquejos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos.	Bloc de debuxo. Observación directa do alumno.	Comprende con moita claridade e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando múltiples bosquejos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos	Comprende moi ben e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando varios bosquejos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos	Comprende e emprega ben os niveis de iconicidade da imaxe gráfica elaborando bosquejos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos	Comprende con moita dificultade e emprega mal os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, non remata os bosquejos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos

EPVAB1.3.2. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.	Bloc de debuxo. Observación directa do alumno e produto final	Representa con limpeza empregando unha ampla gama de tonos de claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.	Representa ben con claroscuro empregando varias gamas de grises a. Sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.	Representa con certa dificultade o claroscuro para darlle sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.	Non é quen de representar con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.
EPVAB1.4.1. Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas	Bloc de debuxo. Observación directa do alumno e produto final	Realiza e experimenta múltiples modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas	Realiza e experimenta varias modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas	Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas	Non realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas
EPVB1.5.1 Realiza composicións con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións frías e cálidas por medio do uso da cor.	Bloc de debuxo. Observación directa do alumno e produto final	Realiza composicións moi creativas e orixinais con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións frías e cálidas por medio do uso da cor.	Realiza composicións correctas e limpas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións frías e cálidas por medio do uso da cor.	Realiza ben composicións con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións frías e cálidas por medio do uso da cor.	Realiza con moita dificultade composicións con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións frías e cálidas por medio do uso da cor.
EPVB1.6.1 Realiza composicións para expresar diferentes sensacións simbólicas por medio do uso da cor.	Bloc de debuxo. Observación directa do alumno.	Realiza composicións creativas para expresar diferentes sensacións simbólicas por medio do uso da cor.	Realiza composicións correctas e limpas para expresar diferentes sensacións simbólicas por medio do uso da cor	Realiza ben composicións para expresar diferentes sensacións simbólicas por medio do uso da cor.	Realiza con moita dificultade composicións para expresar diferentes sensacións simbólicas por medio do uso da cor
EPVAB1.7.1. Realiza composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor	Bloc de debuxo. Observación directa do alumno e produto final	Realiza composicións creativas abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor	Realiza composicións correctas e limpas abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor	Realiza ben composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor	Realiza con moita dificultade composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor
EPVAB2.1.1. Analiza as causas polas que se produce a percepción da forma o tamaño e a cor.	Probos orais Observación directa do alumno.	Analiza e reflexiona con madurez as causas polas que se produce a percepción da forma o tamaño e a cor.	Analiza correctamente as causas polas que se produce a percepción da forma o tamaño e a cor.	Analiza ben as causas polas que se produce a percepción da forma o tamaño e a cor.	Non analiza as causas polas que se produce a percepción da forma o tamaño e a cor.

EPVAB2.3.1. Identifica e clasifica ilusións ópticas segundo as leis da Gestalt.	Probas orais e escritas. Observación directa do alumno.	Identifica correctamente e clasifica ilusións ópticas segundo as leis da Gestalt.	Identifica e clasifica moi ben ilusións ópticas segundo as leis da Gestalt.	Identifica e clasifica ben ilusións ópticas segundo as leis da Gestalt.	Non identifica nin clasifica ilusións ópticas segundo as leis da Gestalt.
EPVAB2.3.2. Deseña ilusións ópticas baseándose nas leis da Gestalt	Bloc de debuxo.	Deseña orixinais ilusións ópticas baseándose nas leis da Gestalt	Deseña boas ilusións ópticas baseándose nas leis da Gestalt	Deseña ben ilusións ópticas baseándose nas leis da Gestalt	Non deseña ilusións ópticas baseándose nas leis da Gestalt
EPVAB2.5.1. Elabora unha animación con medios dixitais e/ou analóxicos.	Medios dixitais.	Elabora unha animación orixinal e cun certo grado de complicación con medios dixitais e/ou analóxicos	Elabora unha boa animación con medios dixitais e/ou analóxicos	Elabora unha animación sinxela con medios dixitais e/ou analóxicos	Non elabora unha animación con medios dixitais e/ou analóxicos
EPVAB2.6.1. Distingue significativa e significado nun signo visual	Probas orais ou escritas.	Distingue con moita claridade significativa e significado nun signo visual	Distingue ben significativa e significado nun signo visual	Distingue con algunha dificultade significativa e significado nun signo visual	Non distingue significativa e significado nun signo visual
EPVAB2.5.1. Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elemento	Probas orais e escritas. Comentario de imaxes.	Realiza con moita claridade a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elemento	Realiza correctamente a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e escribindo os seus elemento	Realiza ben a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elemento	Non realiza a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elementos.
EPVAB2.5.2. Analiza unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva identificando os elementos de significación narrativos e a ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusións e interpretando o seu significado	Probas orais e escritas. Comentario de imaxes.	Analiza moi ben escrito unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva, identificando moi ben os elementos de significación, narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusións acertadas e interpretando ben o seu significado	Analiza correctamente oralmente e por escrito unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva, identificando ben os elementos de significación, narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando boas conclusións e interpretando ben o seu significado	Analiza ben unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva, identificando varios elementos de significación, narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando algunhas conclusións e interpretando bastante ben o seu significado	Non sabe analizar unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva, non identifica os elementos de significación, narrativos nin as ferramentas visuais utilizadas, non saca conclusións nin interpreta o seu significado
EPVAB2.6.1. Identifica encadramentos e puntos de vista nunha fotografía.	Probas orais e escritas.	Identifica con moita claridade encadramentos e puntos de vista nunha fotografía	Identifica moi ben distintos encadramentos e puntos de vista nunha fotografía	Identifica ben encadramento e puntos de vista nunha fotografía	Non identifica encadramentos e puntos de vista nunha fotografía



EPVAB2.6.2. Realiza fotografías con distintos encuadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas.	Observación directa do alumno e produto final.	Realiza fotografías moi creativas e orixinais con distintos encuadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas.	Realiza interesantes fotografías con distintos encuadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas.	Realiza fotografías con distintos encuadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas.	Realiza fotografías pero non proba con distintos encuadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas.
EPVAB2.10.1. Deseña, en equipo, mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc.), e valora de xeito crítico os resultados.	Bloc de debuxo Produto final. Exposicións orais.	Deseña, en equipo, orixinais e creativos mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc.), e valora de xeito crítico os resultados.	Deseña, en equipo, interesantes mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc.), e valora de xeito crítico os resultados.	Deseña ben , en equipo mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc.), e valora de xeito crítico os resultados.	Cando traballa en equipo non participa dun xeito activo no deseño de mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións ou non utiliza diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc.), e valora de xeito crítico os resultados.
EPVAB2.11.1. Reflexiona criticamente sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe	Exposicións orais. Observación directa do alumno.	Reflexiona con moita madurez empregando bo bocavulario e coas ideas ordenadas criticamente sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe	Reflexiona e argumenta ben de xeito crítico sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe	Reflexiona criticamente sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe	Non reflexiona criticamente sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe
EPVAB2.12.1. Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado	Medios audiovisuais. Exposicións orais e escritas.	Elabora documentos multimedia orixinais e creativos para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado	Elabora interesantes documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado	Elabora con corrección documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado	Non elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado

EPVAB3.1.1. Explica verbalmente ou por escrito os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.)	Probas orais ou escritas.	Explica con moita claridade tanto de xeito oral ou escrito empregando o bocavulario específico os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.	Explica con claridade verbalmente ou por escrito empregando o bocavulario específico os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.	Explica be verbalmente ou por escrito con bocavulario axeitado os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.	Non explica de xeito claro verbalmente ou por escrito os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.
EPVAB3.2.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.	Probas orais ou escritas.	Clasifica sen ningunha dificultade calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.	Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.	Clasifica ben calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando ben se é regular ou irregular.	Non clasifica ben calquera polígono de tres a cinco lados, nin diferencia se é regular ou irregular.
EPVAB3.3.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado	Bloc de debuxo. Probas escritas Observación directa do alumno e produto final	Constrúe sen ningunha dificultade empregando ben os instrumentos de trazado de polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado	Constrúe correctamente polígonos regulares empregando ben os instrumentos de trazado de ata cinco lados, coñecendo o lado	Constrúe con algunha imprecisión polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo lado empregando bastante ben os instrumentos de trazado	Non constrúe correctamente. Polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado
EPVAB3.4.1. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas.	Bloc de debuxo Probas escritas Observación directa do alumno e produto final	Resolve sen dificultade os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas	Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas	Resolve ben os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas	Non resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, nin utiliza adecuadamente as ferramentas
EPVAB3.4.2. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando adecuadamente as ferramentas	Bloc de debuxo Probas escritas. Observación directa do alumno e produto final	Resolve sen dificultade os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando moi ben as ferramentas	Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando ben as ferramentas	Resolve con algunha imprecisión os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando adecuadamente as ferramentas	Non resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, dado que non utiliza adecuadamente as ferramentas

EPVAB3.5.1. Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior	Bloc de debuxo. Probas escritas. Observación directa do alumno.	Constrúe sen dificultade un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior	Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior	Constrúe ben un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior	Non constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior
EPVAB3.6.1. Constrúe varios tipos de óvalos e ovoides, segundo os diámetros coñecidos.	Bloc de debuxo. Probas escritas. Observación directa do alumno.	Constrúe sen dificultade varios tipos de óvalos e ovoides, segundo os diámetros coñecidos.	Constrúe ben varios tipos de óvalos e ovoides, segundo os diámetros coñecidos.	Constrúe con algunha dificultade varios tipos de óvalos e ovoides, segundo os diámetros coñecidos.	Non constrúe óvalos e ovoides, segundo os diámetros coñecidos.
EPVAB3.7.1. Constrúe correctamente espirais de dous, tres, catro e cinco centros	Bloc de debuxo. Probas escritas. Observación directa do alumno.	Constrúe sen dificultade espirais de dous, tres, catro e cinco centros.	Constrúe correctamente espirais de dous, tres, catro e cinco centros	Constrúe con bastante corrección espirais de dous, tres, catro e cinco centros	Non constrúe correctamente espirais de dous, tres, catro e cinco centros
EPVAB3.8.1. Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos	Bloc de debuxo Probas escritas. Observación directa do alumno.	Executa orixinais deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos	Executa deseños ben elaborados aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos	Executa deseños sinxelos aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos	Non executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos
EPVAB3.10.1. Debuxa correctamente as vistas principais de volumes frecuentes, identificando as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas.	Bloc de debuxo Probas escritas. Observación directa do alumno e produto final	Debuxa sen dificultade as vistas principais de volumes frecuentes, identificando sen erros as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas.	Debuxa correctamente as vistas principais de volumes frecuentes, identificando ben as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas.	Debuxa ben as vistas principais de volumes frecuentes, identificando, sen apenas erros as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas.	Non debuxa correctamente as vistas principais de volumes frecuentes, nin identifica ben as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas.
EPVAB3.10.1. Constrúe a perspectiva cabaleira de prismas e cilindros simples, aplicando correctamente coeficientes de redución sinxelos.	Bloc de debuxo Probas escritas Observación directa do alumno e produto final	Constrúe a sen dificultade cabaleira de prismas e cilindros simples, aplicando correctamente coeficientes de redución sinxelos.	Constrúe con limpeza a perspectiva cabaleira de prismas e cilindros simples, aplicando correctamente coeficientes de redución sinxelos.	Constrúe ben a perspectiva cabaleira de prismas e cilindros simples, aplicando ben os coeficientes de redución sinxelos.	Non constrúe ben a perspectiva cabaleira de prismas e cilindros simples, nin aplica correctamente coeficientes de redución sinxelos.

EPVAB3.12.1. Realiza perspectivas isométricas de volumes sinxelos, utilizando correctamente a escuadra e o cartabón para o trazado de paralelas.	Bloc de debuxo Probas escritas Observación directa do alumno e produto final	Realiza con moita corrección perspectivas isométricas de volumes sinxelos, utilizando con precisión a escuadra e o cartabón para o trazado de paralelas.	Realiza moi ben as perspectivas isométricas de volumes sinxelos, utilizando correctamente a escuadra e o cartabón para o trazado de paralelas.	Realiza perspectivas isométricas de volumes sinxelos, utilizando con bastante corrección a escuadra e o cartabón para o trazado de paralelas.	Realiza con moitos erros perspectivas isométricas de volumes sinxelos, dado que non emprega correctamente a escuadra e o cartabón para o trazado de paralelas.
-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

### MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Para este nivel non teñen libro de texto obrigatorio, para engadir información, buscar ou ampliar datos empregaremos os libros que hai na clase e os da biblioteca. Os recursos didácticos que aportaremos os profesores son:

- Recursos audiovisuais
- Imaxes (libros, revistas, páxinas web...)
- Materiais de gravado: gubias, papeis, tintas...

Os materiais que aportarán os alumnos ao longo do curso son:

- Bloc de debuxo DIN A3
- Lápis 2B, 4B e HB
- Goma de borrar
- Escadra, cartabón e regra
- Compás
- Barras de cera Manley, acuarelas ou témperas, rotuladores e lapis de cor
- Materiais de reciclaxe, tales como periódicos, cartóns, botes ...
- Cartolinas
- Pegamento

## EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL 4º ESO

<b>RELACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E TEMPORIZACIÓN PARA CADA UD.</b>				
<b>BLOQUE 1: EXPRESIÓN PLÁSTICA</b>				
<b>Unidade didáctica 1 - 10 sesións</b>				
<b>Obxectivos</b>	<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
A C D E H	B1.1. A linguaxe plástica e visual na creación da composición artística	B1.1. Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferentemente coa subxectividade da súa linguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación.	EPVAB1.1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.	CCEC
A D G H	B1.2. Leis da composición.  B1.3. Leis da composición: movemento, ritmo e liñas de forza.  B1.4. Cor como ferramenta simbólica.	B1.2. Realizar obras plásticas experimentando e utilizando diferentes soportes e técnicas, tanto analóxicas coma dixitais, valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo.	EPVAB1.2.1. Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión.	CCE CD
			EPVAB1.3.2. Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe.	CCEC
			EPVAB1.4.1. Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor.	CCEC CSIEE
B C	B1.5. Técnicas de expresión gráfico-plásticas. Experimentación con diversos materiais.	B1.5. Elixir os materiais e as técnicas máis axeitadas para elaborar unha composición sobre a base duns obxectivos prefixados e da autoavaliación continua do proceso de realización	EPVAB1.5.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos	CSIE CCEC CAA
			EPVAB1.5.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	CSIEE

	DA2.B5.2.4. Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica en postas en común dos seus proxectos individuais ou colectivos, fomentando a participación activa e a crítica construtiva.	X	X	X	
CD (1)	DA2.B5.1.1. Coñece e aplica as ferramentas do debuxo artístico dixital utilizando as TIC en procesos creativos.			X	10%
CMCCT (3)	DA2.B3.1.2. Observa o contorno como un elemento de estudo gráfico e elabora composicións cromáticas e lineais, atendendo ás variacións formais segundo o punto de vista.		X		5%
	DA2.B4.1.2. Analiza a figura humana atendendo ás súas relacións de proporcionalidade mediante a observación do natural ou con modelos estáticos.		X		
	DA2.B5.2.1. Valora a importancia do debuxo artístico nos procesos proxectivos elaborando proxectos conxuntos con outras disciplinas artísticas ou non do mesmo nivel ou externos.		X		
CSC (3)	DA2.B5.2.1. Valora a importancia do debuxo artístico nos procesos proxectivos elaborando proxectos conxuntos con outras disciplinas artísticas ou non do mesmo nivel ou externos.		X		10%
	DA2.B5.2.2. Demostra creatividade e autonomía nos procesos artísticos, propondo solucións gráfico-plásticas que afiancen o seu desenvolvemento persoal e a súa autoestima.			X	
	DA2.B5.3.1. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	X	X	X	

## INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

Indicadores de logro	Instrumentos de avaliación	Excelente	Avanzado	Grao mínimo de consecución para superar a materia	En vías de adquisición
DA2.B1.1.1. Interpreta e aplica formas ou obxectos atendendo a diversos graos de iconicidade, con diferentes técnicas gráficas e segundo as súas funcións comunicativas (ilustrativa, descritivas, ornamentais ou comunicativas).	Bloc de debuxo. Libreta de artista.	DA2.B1.1.1. Interpreta e aplica con orixinalidade formas ou obxectos atendendo a diversos graos de iconicidade, con diferentes técnicas gráficas e segundo as súas funcións comunicativas	DA2.B1.1.1. Interpreta e aplica ben formas ou obxectos atendendo a diversos graos de iconicidade, con diferentes técnicas gráficas e segundo as súas funcións comunicativas	DA2.B1.1.1. Interpreta e aplica con pouca creatividade formas ou obxectos atendendo a diversos graos de iconicidade, con diferentes técnicas gráficas e segundo as súas funcións comunicativas	DA2.B1.1.1. Interpreta e aplica mal formas ou obxectos atendendo a diversos graos de iconicidade, con diferentes técnicas gráficas e segundo as súas funcións comunicativas

DA2.B1.1.2. Analiza a configuración das formas naturais e artificiais discriminando o esencial das súas características formais, mediante a execución gráfica e a discusión verbal e escrita.	Bloc de debuxo. Libreta de artista. Probos orais e escritas Exposición e comentario de traballos.	DA2.B1.1.2. Analiza con minuciosidade a configuración das formas naturais e artificiais discriminando con claridade o esencial das súas características formais, mediante unha boa execución gráfica e a discusión verbal e escrita empregando un discurso ben elaborado e empregando a terminoloxía propia.	DA2.B1.1.2. Analiza ben a configuración das formas naturais e artificiais discriminando ben o esencial das súas características formais, mediante a execución gráfica e a discusión verbal e escrita empregado a terminoloxía propia.	DA2.B1.1.2. Analiza con algunha axuda a configuración das formas naturais e artificiais discriminando bastante ben o esencial das súas características formais, mediante a execución gráfica e a discusión verbal e escrita axeitada.	DA2.B1.1.2. Analiza mal a configuración das formas naturais e artificiais discriminando o esencial das súas características formais, mediante a execución gráfica e a discusión verbal e escrita.
DA2.B2.1.1. Representa formas aprendidas mediante a percepción visual e táctil atendendo ás súas características formais esenciais.	Bloc de debuxo. Libreta de artista.	DA2.B2.1.1. Representa con orixinalidade formas aprendidas mediante a percepción visual e táctil atendendo ás súas características formais esenciais.	DA2.B2.1.1. Representa ben formas aprendidas mediante a percepción visual e táctil atendendo ás súas características formais esenciais.	DA2.B2.1.1. Representa con algunha dificultade formas aprendidas mediante a percepción visual e táctil atendendo ás súas características formais esenciais.	DA2.B2.1.1. Representa mal formas aprendidas mediante a percepción visual e táctil atendendo ás súas características formais esenciais.
DA2.B2.2.1. Expresa sentimentos e valore subxectivos mediante a representación de composicións abstractas de formas e cores (funcións expresivas).	Bloc de debuxo. Libreta de artista.	DA2.B2.2.1. Expresa moi ben sentimentos e valores subxectivos mediante a representación de composicións abstractas de formas e cores (funcións expresivas).	DA2.B2.2.1. Expresa ben sentimentos e valores subxectivos mediante a representación de composicións abstractas de formas e cores (funcións expresivas).	DA2.B2.2.1. Expresa bastante ben sentimentos e valores subxectivos mediante a representación de composicións figurativas e formas e cores (funcións expresivas).	DA2.B2.2.1. Expresa mal sentimentos e valores subxectivos mediante a representación de composicións figurativas e formas e cores (funcións expresivas).
DA2.B2.2.2. Experimenta con métodos creativos de memorización e retentiva para procurar distintas representacións mediante valores lumínicos, cromáticos e compositivos, dun mesmo obxecto ou composición.	Bloc de debuxo. Libreta de artista. Observación directa do alumnos e produto final.	DA2.B2.2.2. Experimenta moi ben con métodos creativos de memorización e retentiva para procurar distintas representacións mediante valores lumínicos, cromáticos e compositivos, dun mesmo obxecto ou composición.	DA2.B2.2.2. Experimenta ben con métodos creativos de memorización e retentiva para procurar distintas representacións mediante valores lumínicos, cromáticos e compositivos, dun mesmo obxecto ou composición.	DA2.B2.2.2. Experimenta bastante ben con métodos creativos de memorización e retentiva para procurar distintas representacións mediante valores lumínicos, cromáticos e compositivos, dun mesmo obxecto ou composición.	DA2.B2.2.2. Non experimenta con métodos creativos de memorización e retentiva para procurar distintas representacións mediante valores lumínicos, cromáticos e compositivos, dun mesmo obxecto ou composición.

DA2.B3.1.1. Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista.	Observación do alumno e produto final.	DA2.B3.1.1. Comprende e representa moi ben as formas desde distintos puntos de vista	DA2.B3.1.1. Comprende e representa ben as formas desde distintos puntos de vista	DA2.B3.1.1. Comprende e representa bastante ben as formas desde distintos puntos de vista	DA2.B3.1.1. Comprende e representa mal as formas desde distintos puntos de vista
DA2.B3.1.2. Observa o contorno como un elemento de estudo gráfico e elabora composicións cromáticas e lineais, atendendo ás variacións formais segundo o punto de vista.	Bloc de debuxo. Libreta de artista. Observación directa do alumnos e produto final.	DA2.B3.1.2. Observa con moita atención o contorno como un elemento de estudo gráfico e elabora composicións orixinais cromáticas e lineais, atendendo ás variacións formais segundo o punto de vista.	DA2.B3.1.2. Observa atentamente o contorno como un elemento de estudo gráfico e elabora composicións cromáticas e lineais, atendendo ás variacións formais segundo o punto de vista.	DA2.B3.1.2. Observa o contorno como un elemento de estudo gráfico e elabora composicións cromáticas e lineais, atendendo ás variacións formais segundo o punto de vista.	DA2.B3.1.2. Non observa con atención o contorno nin o valora como un elemento de estudo gráfico e elabora composicións cromáticas e lineais, atendendo ás variacións formais segundo o punto de vista.
DA2.B3.1.3. Representa os obxectos illados ou nun contorno coñecendo os aspectos estruturais da forma, a posición e o tamaño dos seus elementos.	Bloc de debuxo. Libreta de artista.	DA2.B3.1.3. Representa os obxectos illados ou nun contorno coñecendo moi ben os aspectos estruturais da forma, a posición e o tamaño dos seus elementos.	DA2.B3.1.3. Representa os obxectos illados ou nun contorno coñecendo ben os aspectos estruturais da forma, a posición e o tamaño dos seus elementos.	DA2.B3.1.3. Representa os obxectos illados ou nun contorno coñecendo bastante ben os aspectos estruturais da forma, a posición e o tamaño dos seus elementos.	DA2.B3.1.3. Representa os obxectos illados ou nun contorno coñecendo mal os aspectos estruturais da forma, a posición e o tamaño dos seus elementos.
DA2.B4.1.1. Comprende a figura humana como un elemento de estudo gráfico e expresivo mediante a observación e a reflexión de obras propias e alleas.	Probas orais e escritas Exposición e comentario de traballos.	DA2.B4.1.1. Comprende moi ben a figura humana como un elemento de estudo gráfico e expresivo mediante a observación e a reflexión de obras propias e alleas.	DA2.B4.1.1. Comprende ben a figura humana como un elemento de estudo gráfico e expresivo mediante a observación e a reflexión de obras propias e alleas.	DA2.B4.1.1. Comprende bastante ben a figura humana como un elemento de estudo gráfico e expresivo mediante a observación e a reflexión de obras propias e alleas.	DA2.B4.1.1. Comprende mal a figura humana como un elemento de estudo gráfico e expresivo mediante a observación e a reflexión de obras propias e alleas.
DA2.B4.1.2. Analiza a figura humana atendendo ás súas relacións de proporcionalidade mediante a observación do natural ou con modelos estáticos.	Probas orais e escritas Exposición e comentario de traballos.	DA2.B4.1.2. Analiza moi ben a figura humana atendendo ás súas relacións de proporcionalidade mediante a observación do natural ou con modelos estáticos.	DA2.B4.1.2. Analiza ben a figura humana atendendo ás súas relacións de proporcionalidade mediante a observación do natural ou con modelos estáticos.	DA2.B4.1.2. Analiza bastante ben a figura humana atendendo ás súas relacións de proporcionalidade mediante a observación do natural ou con modelos estáticos.	DA2.B4.1.2. Analiza mal a figura humana atendendo ás súas relacións de proporcionalidade e mediante a observación do natural ou con modelos estáticos.

DA2.B4.2.1. Representa a figura humana atendendo á expresión global das formas que a compoñen e á articulación e a orientación da estrutura que a define.	Bloc de debuxo. Libreta de artista. Observación directa do alumno e produto final.	DA2.B4.2.1. Representa moi ben a figura humana atendendo á expresión global das formas que a compoñen e á articulación e a orientación da estrutura que a define.	DA2.B4.2.1. Representa ben a figura humana atendendo expresión global das formas que a compoñen e á articulación e a orientación da estrutura que a define.	DA2.B4.2.1. Representa bastante ben a figura humana atendendo á expresión global da formas que a compoñen e á articulación e a orientación da estrutura que a define.	DA2.B4.2.1. Representa mal a figura humana atendendo á expresión global das formas que a compoñen e á articulación e a orientación da estrutura que a define.
DA2.B4.3.1. É capaz de representar e captar o movemento da figura humana de forma gráfico-plástica aplicando diferentes técnicas.	Bloc de debuxo. Libreta de artista.	DA2.B4.3.1. É capaz de representar e captar moi ben o movemento da figura humana de forma gráfico-plástica aplicando diferentes técnicas.	DA2.B4.3.1. É capaz de representar e captar ben o movemento da figura humana de forma gráfico-plástica aplicando diferentes técnicas.	DA2.B4.3.1. É capaz de representar e captar bastante ben o movemento da figura humana de forma gráfico-plástica aplicando diferentes técnicas.	DA2.B4.3.1. Non é capaz de representar e de captar ben o movemento da figura humana de forma gráfico-plástica aplicando diferentes técnicas.
DA2.B4.3.2. Elabora imaxes con distintos procedementos gráfico-plásticos e diversas funcións expresivas coa figura humana como suxeito.	Bloc de debuxo. Libreta de artista.	DA2.B4.3.2. Elabora imaxes moi expresivas da figura humana como suxeito empregando con moita corrección distintos procedementos gráfico-plásticos.	DA2.B4.3.2. Elabora imaxes expresivas da figura humana como suxeito empregando correctamente distintos procedementos gráfico-plásticos.	DA2.B4.3.2. Elabora imaxes, cun certo grado de expresividade da figura humana como suxeito empregando ca suficiente corrección distintos procedementos gráfico-plásticos	DA2.B4.3.2. Elabora imaxes, da figura humana como suxeito sin ningunha expresividade ou non emprega os distintos procedementos gráfico-plásticos ca suficiente corrección
DA2.B5.1.1. Coñece e aplica as ferramentas do debuxo artístico dixital utilizando as TIC en procesos creativos.	Observación directa do alumno e produto final	DA2.B5.1.1. Coñece e aplica moi ben as ferramentas do debuxo artístico dixital utilizando as TIC en procesos creativos.	DA2.B5.1.1. Coñece e aplica ben as ferramentas do debuxo artístico dixital utilizando as TIC en procesos creativos.	DA2.B5.1.1. Coñece e aplica suficientemente as ferramentas do debuxo artístico dixital utilizando as TIC en procesos creativos.	DA2.B5.1.1. Coñece e aplica mal as ferramentas do debuxo artístico dixital utilizando as TIC e procesos creativos.
DA2.B5.2.1. Valora a importancia do debuxo artístico nos procesos proxectivos elaborando proxectos conxuntos con outras disciplinas artísticas ou non do mesmo nivel ou externos.	Observación directa do alumno e produto final	DA2.B5.2.1. Valora moito a importancia do debuxo artístico nos procesos proxectivos elaborando proxectos conxuntos con outras disciplinas artísticas ou non do mesmo nivel ou externos.	DA2.B5.2.1. Valora a importancia do debuxo artístico nos procesos proxectivos elaborando proxectos conxuntos con outras disciplinas artísticas ou non do mesmo nivel ou externos.	DA2.B5.2.1. Valora bastante a importancia do debuxo artístico nos procesos proxectivos Elaborando proxectos conxuntos con outras disciplinas artísticas ou non do mesmo nivel ou externos.	DA2.B5.2.1. Valora pouco a importancia do debuxo artístico nos procesos proxectivos elaborando proxectos conxuntos con outras disciplinas artísticas ou non do mesmo nivel ou externos.

DA2.B5.2.2. Demuestra creatividade e autonomía nos procesos artísticos, propondo solucións gráfico- plásticas que afiancen o seu desenvolvemento persoal e a súa autoestima.	Bloc de debuxo. Libreta de artista. Observación do alumno e produto final	DA2.B5.2.2. Demuestra moita creatividade e autonomía nos procesos artísticos, propondo solucións gráfico-plásticas que afiancen o seu desenvolvemento persoal e a súa autoestima.	DA2.B5.2.2. Demuestra bastante creatividade e autonomía nos procesos artísticos, propondo solucións gráfico-plásticas que afiancen o seu desenvolvemento persoal e a súa autoestima.	DA2.B5.2.2. Demuestra pouca creatividade e autonomía nos procesos artísticos, propondo solucións gráfico-plásticas que afiancen o seu desenvolvemento persoal e a súa autoestima.	DA2.B5.2.2. Non demostra creatividade nin autonomía nos procesos artísticos, non propón solucións gráfico-plásticas que afiancen o seu desenvolvemento persoal e a súa autoestima.
DA2.B5.2.3. Está orientado/a e coñece as posibilidades do debuxo artístico nas ensinanzas artísticas, tecnolóxicas e científicas con exemplos claros e contacto directo con artistas, deseñadores/as, científicos/as e técnicos/as.	Probas orais e escritas Observación do alumno e produto final	DA2.B5.2.3. Está orientado/a e coñece moitas das posibilidades do debuxo artístico nas ensinanzas artísticas, tecnolóxicas e científicas con exemplos claros e contacto directo con artistas, deseñadores/as, científicos/as e técnicos/as.	DA2.B5.2.3. Está orientado/a e coñece as posibilidades do debuxo artístico nas ensinanzas artísticas, tecnolóxicas e científicas con exemplos claros e contacto directo con artistas, deseñadores/as, científicos/as e técnicos/as.	DA2.B5.2.3. Está orientado/a e coñece bastantes das posibilidades do debuxo artístico nas ensinanzas artísticas, tecnolóxicas e científicas con exemplos claros e contacto directo con artistas, deseñadores/as, científicos/as e técnicos/as.	DA2.B5.2.3. Está orientado/a pero coñece poucas das posibilidades do debuxo artístico nas ensinanzas artísticas, tecnolóxicas e científicas con exemplos claros e contacto directo con artistas, deseñadores/as, científicos/as e técnicos/as.
DA2.B5.2.4. Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica en postas en común dos seus proxectos individuais ou colectivos, fomentando a participación activa e a crítica construtiva.	Probas orais e escritas. Exposición e comentario de traballos. Observación do alumno e produto final	DA2.B5.2.4. Selecciona, relaciona e emprega moi ben con criterio a terminoloxía específica en postas en común dos seus proxectos individuais ou colectivos, fomentando a participación activa e a crítica construtiva.	DA2.B5.2.4. Selecciona, relaciona e emprega ben con criterio a terminoloxía específica en postas en común dos seus proxectos individuais ou colectivos, fomentando a participación activa e a crítica construtiva.	DA2.B5.2.4. Selecciona, relaciona e emprega bastante ben a terminoloxía específica en postas en común dos seus proxectos individuais ou colectivos, fomentando a participación activa e a crítica construtiva.	DA2.B5.2.4. Selecciona, relaciona e emprega mal a terminoloxía específica en postas en común dos seus proxectos individuais ou colectivos, fomentando pouco a participación activa e a crítica construtiva.
DA2.B5.2.5. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas	Bloc de debuxo. Libreta de artista. Observación do alumno e produto final	Utiliza con propiedade e moita corrección os materiais e os máis idóneos para representar e expresarse con orixinalidade en relación ás linguaxes gráfico-plásticas	Utiliza con propiedade corrección os materiais e os procedemento representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas	Utiliza os materiais máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas	Non sempre elixe os materiais máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas ou non sempre os emprega con corrección

## MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Dispoñemos dunha aula específica para impartir a materia. Algúns dos materiais que empregaremos poderán ser facilitados, si é posible, polo departamento.

Os alumnos teñen que empregar ao longo do curso o seguinte material:

- Carpeta de 50x70 cm.
- Portafolios
- Bloc A3
- Lapis brando 2 e 4 B
- Grafito
- Carboncillos
- Difuminos
- Goma branda
- Tixieras e cuter
- Xogo de regras
- Tintas
- Témperas de cores primarios, branco e negro
- Lapis de cores (poden ser acuarelables)
- Acuarelas ao menos 12 cores
- Pinceis para acuarela (nº 2, 8 e 12 mínimo)
- Papel para acuarela e técnicas húmidas
- Papel estucado
- Fixador para carboncillo.

## CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

### ESO

A metodoloxía a seguir é fundamentalmente de carácter práctico. O principal obxectivo que queremos acadar é que aprendan a ver e a expresarse mediante unha linguaxe baseada nas imaxes. O procedemento a seguir consta de varias fases:

- Avaliación inicial que nos permitirá coñecer o nivel do que parten os alumnos.
- Explicación dos conceptos novos cos que se va a traballar apoiados con soporte gráfico. Motivación para estimular a curiosidade dos alumnos polos temas que se tratan na aula.
- Recollida de datos por parte do alumno. A observación do propio entorno e da natureza serán fonte de exemplos e motivo de análise.
- Desenvolvemento dun proxecto. A maior parte do tempo da materia destinarase á práctica. O profesor aportará os plantexamentos teóricos e dirixirá o traballo de cada alumno, aportará procedementos e técnicas que lle axuden a potenciar a expresividade e a investigación persoal.

Sempre que sexa posible aportaranse recursos extraescolares para complementar os contidos teóricos, como materiais audiovisuais, visitas guiadas a exposicións e museos.

Ao final de cada bloque de contidos farase unha exposición na clase dos traballos feitos. Pedirase un comentario crítico deles, para confrontar solucións e plantexamentos. Tamén servirá para que os alumnos poidan incorporar solucións interesantes doutros compañeiros nos seus futuros traballos.

Teremos en conta os seguintes aspectos metodolóxicos:

- Partir das ideas previas do alumnado (seus intereses e coñecementos) para que a aprendizaxe sexa significativa.
- Utilizar sempre que sexa posible o entorno do alumnado como recurso educativo.
- Utilizar como recurso didáctico os medios de comunicación.
- Fomentar a interacción na aula como motor de aprendizaxe.
- Posibilitar, fomentar e inducir hábitos racionais de traballo no alumnado.

- Promover situacións de aprendizaxe que esixan unha actividade intelectual que lles facilite a aprendizaxe por si sos e a actualización dos seus coñecementos.
- Facer partícipe ao alumnado, periódica e axeitadamente dos contidos obxectivos e criterios metodolóxicos da materia.
- Os traballos contemplarán certo grao de flexibilidade, pero no básico deberán adecuarse aos contidos a que se refiren.
- Fomentarse o traballo autónomo do alumno favorecendo así a capacidade de aprender por si mesmo, a capacidade de superación e de autoafirmación.
- De xeito progresivo facilitarase ao alumnado o manexo da terminoloxía propia da materia.
- Potenciaranse as técnicas de indagación e investigación, favorecendo a capacidade do alumnado para traballar de xeito individual e en equipo.
- Promoverase o uso de medios informáticos por parte do alumnado.
- Como criterio xeral, a entrega de exercicios para a súa corrección será semanal. A puntualidade e constancia neste aspecto será un requisito imprescindible. Fomentando así a súa capacidade organizativa, o aproveitamento do tempo en clase.
- Poderán realizarse probas obxectivas si os contidos teóricos o teórico-prácticos así o aconsellan.
- Fomentarse a interdisciplinaridade desta materia con outras da súa mesma modalidade, aproveitando deste xeito coñecementos que o alumno xa posúe para ser ampliados segundo outros parámetros.

### **BACHARELATO**

A metodoloxía que empregaremos neste nivel seguirá os seguintes pasos:

- Avaliación inicial, na que se detectará o nivel dos alumnos.
- Explicación por parte do profesor dos conceptos teóricos de cada tema.
- Estudio e memorización dos conceptos teóricos traballados na clase.
- Resolucións na clase dos exercicios propostos, poderán preguntar e resolver



tódalas dúbidas que podan xurdirilles.

- Resolución na casa dunha serie de exercicios propostos polo profesor. Serán exercicios cunha dificultade semellante aos feitos na clase, serviralles para afianzar os contidos teóricos e para aplicar estes coñecementos en propostas máis persoais.

## **ACREDITACIÓN DE COÑECIMENTOS EN MATERIAS DE 2º BACHARELATO**

O Decreto 86/2015 que establece o currículo da ESO e o bacharelato en Galicia establece no seu artigo 36 que para as materias de 2º de bacharelato cuxa superación está condicionada á de materias de 1º curso, o alumnado poderá matricularse sempre que o profesorado que imparta a materia de 2º considere que o alumno acredite as condicións necesarias para seguila con aproveitamento. Para poder acollerse ao procedemento de acreditación o alumno deberá realizar unha solicitude expresa, presentada por escrito ante a dirección do centro, dentro do prazo de matrícula. Antes do inicio das actividades lectivas o alumno realizará unha proba específica con este fin. Esta proba versará sobre os contidos de 1º de bacharelato e a súa formulación basearase nos estándares de aprendizaxe avaliábeis explicitados a continuación, dada a imposibilidade de avaliar todos os estándares da materia nunha proba.

### **DEBUXO TÉCNICO**

DT1.B1.14.2. Resolve triángulos coa axuda de regra e compás, aplicando as propiedades das súas liñas e os puntos notables, e os principios xeométricos elementais, e xustifica o procedemento utilizado.

DT1.B1.19.1. Deseña, modifica ou reproduce cuadriláteros e polígonos analizando as relacións métricas esenciais e resolvendo o seu trazado por triangulación, radiación, itinerario ou relacións de semellanza.

DT1.B1.24.3. Aplica os coñecementos de tanxencias á construción de óvalos, ovoides e espirais, e relaciona a súa forma coas principais aplicacións no deseño arquitectónico e industrial.

DT1.B1.24.4. Deseña a partir dun bosquejo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas que conteñan enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada.

DT1.B2.1.1. Identifica o sistema de representación empregado a partir da análise de debuxos técnicos, ilustracións ou fotografías de obxectos ou espazos, e determina as características diferenciais e os elementos principais do sistema.

DT1.B2.13.1. Comprende o funcionamento do sistema diédrico, relacionando os seus elementos, convencionalismos e notacións coas proxeccións necesarias para representar inequivocamente a posición de puntos, rectas e planos, e resolve problemas de pertenza, intersección e verdadeira magnitude.

DT1.B2.15.1. Deseña ou reproduce formas tridimensionais sinxelas, debuxando a man alzada as súas vistas principais no sistema de proxección ortogonal establecido pola norma de aplicación, dispoño as proxeccións suficientes para a súa definición e identificando os seus elementos de xeito inequívoco.

DT1.B2.17.1. Visualiza no espazo perspectivo formas tridimensionais sinxelas definidas suficientemente polas súas vistas principais, debuxando a man alzada axonometrías convencionais (isometrías e cabaleiras).

DT1.B2.19.2. Realiza perspectivas isométricas de corpos definidos polas súas vistas principais, coa axuda de utensilios de debuxo sobre tableiro, representando as circunferencias situadas en caras paralelas aos planos coordenados como óvalos en lugar de elipses, simplificando o seu trazado.

DT1.B2.19.3. Realiza perspectivas cabaleiras ou planimétricas (militares) de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoño a súa orientación para simplificar o seu trazado.

DT1.B2.24.2. Debuxa coa axuda de utensilios de debuxo perspectivas cónicas centrais de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoño a súa orientación para simplificar o seu trazado.

DT1.B3.2.1. Obtén as dimensións relevantes de corpos ou espazos representados utilizando escalas normalizadas.

DT1.B3.2.3. Cota pezas industriais sinxelas identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma.

## DEBUXO ARTÍSTICO

DA1.B1.2.1. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráficas, adecuándoos ao obxectivo plástico desexado.

DA1.B2.1.1. Utiliza a liña na descrición gráfica de obxectos expresando volume, movemento, espazo e sensacións subxectivas.

DA1.B2.1.2. Representa formas naturais e artificiais, de maneira analítica ou expresiva, atendendo á comprensión da súa estrutura interna.

DA1.B2.2.2. Describe graficamente as formas atendendo ás súas proporcións, relacionándoas con formas xeométricas simples.

DA1.B3.1.1. Selecciona os elementos gráficos esenciais para a representación da realidade observada segundo a función que se persiga (analítica ou subxectiva) e o seu grao de iconicidade.

DA1.B3.2.1. Relaciona e representa as formas no plano atendendo ás leis visuais asociativas, ás organizacións compositivas, ao equilibrio e ás direccións visuais en composicións cunha finalidade expresiva, analítica ou descritiva.

DA1.B4.1.1. Representa o volume, o espazo e a textura aplicando técnicas gráfico-plásticas mediante valores lumínicos.

DA1.B4.3.1. Observa e utiliza a textura visual con procedementos gráfico-plásticos, con fins expresivos e configuradores, en obras propias e alleas.

DA1.B5.1.1. Aplica a cor seguindo as dimensións desta (valor-luminosidade, saturación-intensidade e croma-ton) na representación de composicións e formas naturais e artificiais.

DA1.B5.1.5. Representa os matices cromáticos, a partir de observación do natural, mediante a mestura de cores primarias.

## CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN

Comprobarase si o alumno acadou os obxectivos propostos para cada bloque a partires de:

- Traballos prácticos que se recollerán periodicamente para a súa valoración.

Aquí se inclúen tanto os exercicios feitos en clase como todo aquel traballo obrigatorio que teñan que facer fora de ela.

- Probas escritas ou orais que permitan saber o grado de aprendizaxe da parte teórica da materia. Estas probas complementarán a nota da avaliación.
- Observación directa do alumno: traballo diario, apuntes recollidos na clase, etc.

## CRITERIOS SOBRE A CUALIFICACIÓN

Dado o carácter fundamentalmente práctico da materia valorarase moito a o traballo diario dos alumnos (tendo en conta a evolución que experimenta desde o seu nivel inicial) e a súa actitude na aula.

En todos os niveis a superación dunha avaliación non supón que lle quedan aprobadas as anteriores, para cada nivel se especificará o xeito de recuperar as avaliacións suspensas.

Aplicarase a avaliación continua a:

1. **Traballos prácticos** que se realizarán preferentemente no bloc de debuxo, caderno de artista, portofolio da materia ou traballo de investigación, se recollerán periodicamente para a súa valoración.

Na ESO os traballos se realizarán obrigatoriamente na aula e valoraranse de 0 a 10. Unha vez avaliados, poderán levalos a casa para seren vistos polos seus pais. Avaliarase unicamente os traballos feitos na clase, a recollida de material, estudo e busca de información a farán fora da aula. No caso de non poder terminar un traballo por ausencia xustificada ou por necesitar máis tempo para rematalo (pola minuciosidade do mesmo, por traballar a un ritmo mais lento cos demais compañeiros...), será o profesor quen autorice a levar ese traballo para traelo rematado. En ningún caso se admitirá a recollida de traballos feitos na casa si o alumno non aproveita o tempo que ten na clase para a súa realización.

En bacharelato terán que facer tamén traballos prácticos na casa.

2. **Proba oral ou escrita.** Pode ser en exame ou a exposición dun traballo (tanto

individual como en grupo). En cada avaliación farase, como mínimo, unha proba oral ou escrita que permitan coñecer o grao de comprensión dos contidos teóricos así como o grao de expresión e síntese. Se valorarán de 0 a 10.

- 3. Observación directa do alumno** para comprobar: traballo diario, apuntes recollidos na clase, fichas de autoavaliación, interese por traer o material que se lle solicita, etc. Se valorará segundo unha rúbrica elaborada para tal fin.

### **Correspondencia numérica para os diferentes instrumentos de avaliación**

**Excelente (9,10)** É aquel nivel no que o alumno mostra un gran interese e curiosidade pola materia, consulta diversas fontes, relaciona a información que obtén cos coñecementos que posúe que a amplía e logo aplica a composicións coas que transmite emocións básicas, experimenta e emprega diferentes técnicas e procedementos gráfico-plásticos, realiza os traballos con creatividade e orixinalidade e os presenta con limpeza e corrección dentro dos prazos fixados.

**Avanzado (7,8)** É aquel nivel no que o alumno mostra interese pola materia, que busca información en varias fontes, selecciona e organiza a información que aparece na unidade, recoñece os elementos configurativos e os recursos gráficos en diferentes composicións, emprega con corrección distintas técnicas e procedementos gráfico-plásticos, realiza os traballos con corrección e os presenta sempre dentro dos prazos fixados.

**Adquirido (Grao mínimo de consecución para superar a materia) (5)** É aquel nivel no que o alumno acada, comprende e asimila os contidos mínimos esixidos para superar a materia en cada unha das unidades, aínda que as que as veces necesite axuda para avanzar no traballo. Estes alumnos non experimentan coas técnicas e procedementos gráfico-plásticos senón que os empregan de xeito pouco creativo, acaban todos os traballos pero non os rematan con moita limpeza e corrección e as veces non o fan nos prazos fixados.

**En vías de adquisición ( $\leq 4$ )** É aquel nivel no que o alumno non acada os mínimos esixidos para superar a materia, por non ter interese no estudo, por non aproveitar o tempo nas clases, por non presentar todos os traballos obrigatorios, por ter mal

comportamento ou por non aportar o material necesario para traballar.

### ESO

A nota final da avaliación sairá da media de tódalas notas que teña en cada trimestre. Valorarase cun:

**70% os traballos feitos na clase** nos que se terá en conta: capacidade expresiva, dominio dos procedementos e técnicas, coidado na realización da obra: composición, limpeza, equilibrio...

Aqueles alumnos que non podan asistir a clase por motivo xustificoado terán que entregar, para a súa valoración, os exercicios feitos na casa, si o profesor ten sospeitas de que non foron realizados por eles, total ou parcialmente poderá facerlle unha proba que permita despexar as dúbidas.

**20% exames teóricos** que poden ser: probas escritas, presentacións orais, análise e exposición dos traballos feitos, etc.

**10% observación directa do alumno:** se valorará si trae os materiais necesarios para traballar, si non molesta aos compañeiros nin interrompe o desenrolo das clases, si ten interese pola busca de información, se toma nota dos conceptos importantes, se ten interese na busca de resultados orixinais e interesantes, polo método de traballo, pola responsabilidade e coidado do propio material e do da aula, respecto e valoración do traballo dos compañeiros e de calquera outra manifestación artística do seu contorno ou de culturas alleas, así como o respecto polas datas de entrega dos traballos.

### BACHARELATO

- **DEBUXO ARTÍSTICO I E II:** A nota final da avaliación sairá da suma de tódalas notas que teña. Valorarase cun:

**40% exames teórico-prácticos da materia** mediranse a través de controis escritos, traballos de investigación ou comentarios razoados de obras propias ou alleas.

**60% traballos prácticos gráfico-plásticos** feitos en clase e na casa. Na súa avaliación se terán en conta aspectos como: niveis de percepción da forma, niveis conceptuais de expresión, técnicas e creatividade.

- **DEBUXO TÉCNICO I E II:** Serán obxecto de avaliación os seguintes aspectos:

**60% exames teórico-prácticos.** Haberá como mínimo un exame por avaliación, que non implicará a eliminación da materia dado o carácter progresivo da mesma.

**40 % traballos** periódicos de carácter práctico que se realizarán na aula ou fora dela.

## PROMOCIÓN DO ALUMNADO

### ESO

Os alumnos promocionarán sempre que acaden a cualificación de 5 puntos como mínimo de nota en cada avaliación.

Si teñen algunha avaliación suspensa, o profesor valorará a maneira de poder recuperala. Poderá fixar: un exame de recuperación, unha serie de exercicios que terán que presentar na data fixada e que recollan os aspectos máis importantes da materia vista para que os fagan na casa, ou o acabado dalgúns dos exercicios que deixara sen rematar nesa avaliación. Tamén pode dar por recuperada unha avaliación si na seguinte séguense a traballar aqueles conceptos ou técnicas non asimiladas anteriormente e consegue acadar os mínimos esixidos.

Como medida extraordinaria, valoraranse os casos que, con un mínimo de 4 puntos na nota, demostraran durante o curso o seu interese na materia e no traballo continuado durante o desenvolvemento das clases.

### BACHARELATO

- **DEBUXO ARTÍSTICO I e II:** Os alumnos promocionarán sempre que acaden a cualificación de 5 puntos como mínimo na nota da avaliación ordinaria ou extraordinaria de xuño.

O carácter progresivo da materia, permitirá a recuperación da parte práctica dunha avaliación si nas sucesivas avaliacións mostra unha notable mellora tanto nos aspectos técnicos como de creatividade e expresión e consegue ao final de curso acadar os mínimos esixidos. Para acadar esta mellora o profesor poderá solicitarlle o acabado daqueles exercicios que deixara sen rematar nesa avaliación, a entrega dalgúns

exercicios de reforzo que terá que facer na casa e comprobar que o alumno se esforza e mostra interese por mellorar. Si o profesor ten sospeitas de que os exercicios presentados non foron realizados polo alumno, determinará unha serie de probas que o alumno terá que realizar de xeito presencial para aclarar as dúbidas.

A recuperación dos conceptos teóricos farase mediante probas escritas ou traballos de investigación.

- **DEBUXO TÉCNICO I e II:** Os alumnos promocionarán sempre que acaden a cualificación de 5 puntos como mínimo na nota da avaliación ordinaria ou extraordinaria. A nota de cada trimestre sairá da suma entre as dúas obtidas polos exercicios de entrega obrigatoria e dos exames feitos no trimestre. Valorarase cun 60% a nota dos exames, o 40 % as notas dos traballos obrigatorios. Para poder facer media entre estes dous bloques terán que acadar como mínimo un 3 en cada un deles.

No caso de non superar unha avaliación terán a posibilidade de presentarse a un exame de recuperación da materia. A nota final da recuperación non corresponderá únicamente á nota obtida no exame si non a media desta nota coa dos exercicios, a cal poderá mellorar tamén coa realización ou corrección dos mesmos.

## AVALIACIÓN INICIAL

Nos primeiros días de curso, en todos os niveis, realizarase unha serie de exercicios e probas (orais, escritas e gráfico-plásticas) que axuden a determinar o nivel inicial dos alumnos, esta valoración irá encamiñada a adaptación dos contidos ao nivel real da clase para poder facer unha aprendizaxe progresiva e adaptada as particularidades dos alumnos.

Serán obxecto de avaliación os seguintes aspectos:

1. Os contidos conceptuais.
2. As prácticas gráfico-plásticas, que servirán para medir:
  - Niveis de percepción da forma.
  - Niveis conceptuais de expresión.



- Técnicas.
- Creatividade.

## **ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**

A avaliación dos alumnos que non alcanzaron os contidos mínimos nas convocatorias extraordinarias de xuño farase seguindo os seguintes procedementos:

1. Realización de traballos relacionados cos conceptos traballados no curso.
2. Exames que recollan os contidos mínimos do curso.

Ao longo do curso convocaranse unha reunión por trimestre co fin de facilitarlles toda a información sobre os traballos que teñen que realizar, facer un seguimento dos proxectos ou para preparar o exame si o houbera. Nestas reunións se lles entregarán unhas follas cos exercicios que deben presentar resoltos, tamén se lles indicarán aos alumnos que non cursan plástica neste curso as horas (preferentemente recreos) nos que, previa cita, poden quedar co profesor encargado dos pendentes para explicarlles os contidos mínimos e para aclarar dúbidas. Os alumnos que teñen a materia pendente e cursan plástica neste curso poden aclarar dúbidas co seu profesor.

Os contidos mínimos e os criterios de avaliación son os mesmos que se especifican para o nivel á que se presenta.

Para facilitar a recuperación da materia poden consultar na aula virtual do centro o apartado de pendentes, onde poden acceder a toda a información que se lles da dende o departamento de EPVA, exercicios, prazos de entrega dos mesmos, datas de exames, reunións, ademais de resolver posibles dúbidas consultando os temarios e exemplos que se lles facilita.

## ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade, como queda recollido no decreto 229/2011 levarase a cabo adaptando a metodoloxía e os recursos pedagóxicos ás características dos alumnos. Se é preciso reforzaranse as clases con exercicios e explicacións personalizadas. Esta atención cobra especial relevancia nalgúns temas debido a súa complexidade, e isto debe estar presente na nosa actividade como docentes para sacar o mellor aproveitamento de todos os contidos vistos.

No desenrolo de cada unidade didáctica, sempre temos en conta que non todos os alumnos asimilan ao mesmo tempo os contidos tratados, nin teñen as mesmas habilidades. Algúns contidos poden presentar maior nivel de dificultade para algúns alumnos sobre todo si esixen un bo nivel de visión espacial, que non todos os alumnos teñen igualmente desenrolado, ou dificultades de execución técnica para aqueles alumnos con pouca habilidade manual.

A programación debe prestar tamén, oportunidades de recuperar os estándares non adquiridos no seu momento (aínda que isto supoña tamén para o alumno un traballo extra). As diferenzas que existen entre unhas unidades didácticas e outra ou entre unhas técnicas e outras, permite que cada alumno afonde nun campo no que ten mellores habilidades. Na medida do posible terase en conta o punto de partida de cada alumno, as súas dificultades e súas capacidades, para facer una adaptación nos exercicios que lles permita desenrolar todo o seu potencial creativo e que lles rete a conseguir novas metas.

As actividades de reforzo están especialmente contempladas para aqueles alumnos con dificultades, que precisen repasar e traballar conceptos, aplicar técnicas e afianzar destrezas.

No caso de alumnos con dificultades especiais, seguirase o criterio e os consellos dados polas responsables do Departamento de Orientación do centro, quen nos suxerirán exercicios e metodoloxías axeitadas e adaptadas ao seu nivel e capacidades.

## ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os elementos transversais transmítense dun xeito continuado nas actitudes dos profesores, e nos valores que se traballan cos alumnos na actividade diaria. Dende a nosa materia darémoslle moita importancia a que adquiran valores como o respecto, tanto aos profesores coma aos compañeiros, que teñan coidado cos materiais comúns, que se mostren tolerantes e que aprendan que o esforzo é o único camiño para alcanzar as metas que se propoñan. A adquisición destes valores, non só fará deles mellores alumnos senón, o que é máis importante, mellores persoas.

Durante este curso 2021/22 programamos as seguintes actividades específicas para traballar os elementos transversais:

Na ESO, sobre todo en 1º e 3º, traballaremos a sinalética en carteis aplicados a campañas de educación vial e prevención de riscos. No ámbito da educación e da seguridade vial, se promoverán accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, a fin de que os alumnos coñezan seus dereitos e deberes como usuarios das vías, en calidade de peóns, viaxeiros e condutores de bicicletas ou vehículos a motor, respeten as normas e as sinais, e se favoreza a convivencia, tolerancia, prudencia, autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións axeitadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

En todos os cursos pero sobre todo en 4º da ESO traballaremos, a través da publicidade, o desenrolo da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Nestes cursos plantexaremos algún traballo con imaxes gráfico-plásticas creadas a partir de fotografías recollidas nos periódicos sobre a inmigración, a violencia que orixina a discriminación... reflexionando sobre os movementos de persoas no mundo, os guetos, a integración e as consecuencias.

Todos os alumnos utilizarán diferentes materiais de reciclaxe para os seus traballos. Axudarémoslles a que reparen na cantidade de lixo que xeramos e na posibilidade de reutilizalo como material artístico.

Aproveitando este traballo de creación de campañas publicitarias propiciaremos

que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partires de aptitudes como a creatividade, autonomía, iniciativa, traballo en equipo, confianza en un mesmo e sentido crítico.

## **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

Durante este curso 2021/22 o departamento de Artes Plásticas ten previsto levar a cabo as seguintes actividades extraescolares:

- Participar en actividades conxuntas con outros departamentos.
- Exposicións de traballos dos alumnos no centro.

Si as restriccións o permiten:

- Visitas a algunhas das exposicións que se leven a cabo nos museos e salas de exposicións da cidade e que poidan ser de interese para eles.

## **MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN E PROCESOS DE MELLORA**

Na reunión de departamento semanal se fará un seguimento da programación, as adaptacións ou posibles cambios que vaian xurdindo quedarán recollidas nunhas táboas elaboradas para tal fin e, se os consideramos necesarios, se terán en conta e reflectiranse na modificación e adaptación da programación do vindeiro curso. Esta avaliación posibilita:

- Avaliar os coñecementos previos.
- Avaliar o proceso de aprendizaxe e os resultados de xeito directo a través dos materiais do alumno.
- Valorar o traballo que fai o alumno na aula e na súa casa.
- Si as probas contemplan diferentes tipos de dificultade.
- Si o sistema de corrección facilita á identificación inmediata dos erros.
- Si se programan actividades para ampliar e reforzar.

- Si o alumnado e a familia coñecen os criterios de avaliación e cualificación.
- Si a programación e a práctica docente se avalían periodicamente.
- Si a avaliación é continua.

Para a avaliar a programación teremos en conta os seguintes apartados:

1.- En relación cos **obxectivos**, contidos e criterios de avaliación:

- Os obxectivos xerais da área fan referencia aos obxectivos xerais da etapa.
- Están contextualizados en relación co nivel de desenvolvemento e de competencia do alumnado.
- Os contidos están organizados por bloques temáticos.
- As unidades de traballo se desenvolven en espazo de tempo suficiente.
- A secuenciación de contidos facilita o repaso e asimilación.
- Nos criterios de avaliación se establece uns mínimos de suficiencia.
- As actividades desenvolven suficientemente os diferentes tipos de contidos.
- As actividades favorecen o desenvolvemento de distintos tipos de aprendizaxe.
- As actividades favorecen o desenvolvemento da creatividade.

2.- En relación ca **metodoloxía**:

- O profesorado sempre fai unha introdución ao tema.
- O profesorado orienta individualmente o traballo dos alumnos.
- Na aula utilízanse diferentes materiais de apoio.
- Na aula utilízanse materiais de elaboración propia.
- Parte das actividades se realizan en grupo.
- Aténdese á diversidade dentro do grupo.
- Dependendo do tipo de actividade empregamos unha ou outra aula segundo as necesidades de espazo e equipamento.
- Se empregan unidades temporais amplas e flexibles.
- Se armoniza o traballo de aula e o de casa.
- A actuación docente na aula guíase por un enfoque globalizador e interdisciplinar.

## INFORMACIÓN AO ALUMNADO

A xefa do departamento, disporá de unha hora semanal, indicada no seu horario, para a atención do alumnado, calquera alumno que desexe resolver dúbidas sobre a materia ou outras cuestións relacionadas con ela, poderá acudir á aula de debuxo a dita hora.

Os primeiros días de clase, con cada un dos grupos, os profesores informaranlles dos contidos, prazos, procedementos, procedementos empregados para a cualificación, recuperación da materia, etc.

Aos alumnos pendentes se lles entregará na primeira reunión, unha copia por escrito, que deberá ser asinada polos seus pais, na que se lles informa de todo o referente a recuperación da materia. Tamén contarán con toda a información necesaria na páxina virtual do centro no apartado de pendentes.

En Santiago de Compostela a 17 de setembro de 2021

Xefa do departamento

Amabel Míguez de la Sierra

Jesús Fandiño Gracia